

# O contributo de Manuel Curros Enríquez á constitución do galego escrito. Caracterización e evolución dos seus criterios lingüísticos

Henrique Monteagudo  
*Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela*

*Se non for na Ponte-Ceso, / sepultádeme na Cruña, ...  
a cabo do insigne Curros / xa que a del e a miña musa  
a fala de Breogán / fixeron nobre e robusta.*

Eduardo Pondal

*Para Rosario Álvarez Blanco e Xosé Xove*

## RESUMO

No presente artigo estúdiase a posición do poeta M. Curros Enríquez (1851-1908) na historia do galego escrito, con especial atención a dous aspectos: (a) ás súas opcións ortográficas e morfolóxicas (b) as súas concepcións lingüísticas, en relación coas do gramático coetáneo J. Antonio Saco y Arce. Análizanse unha serie de textos que coñeceron tres edicións en vida do autor e o poema *O Divino Sainete*, do que conservamos o orixinal autógrafo, e a respecto do cal o autor mantivo unha interesante correspondencia co seu editor. A análise que efectuamos permite calibrar a evolución dos criterios lingüísticos do poeta. Por parte, abordamos unha cuestión que coidamos insuficientemente considerada ata a data, cal é a da influencia dos gramáticos nas opcións lingüísticas dos escritores, e destes sobre a orientación xeral da escrita do idioma.

**Palabras-chave:** Lingua galega- estandarización- ortografía- século XIX- Curros Enríquez

## ABSTRACT

In this article the situation of the poet M. Curros Enríquez (1851-1908) in the history of writing of the contemporary Galician language is considered. Special attention is paid to two aspects: (a) the ortho-

---

Data de Aceptación: outubro de 2001

graphic and morphological options he adopted, (b) his linguistic standpoint in regard to the spelling of Galician, in relation to this maintained by the grammarian J. Antonio Saco y Arce. A set of texts is analysed which appeared in three successive and revised editions during their author's life, and also the poem *O Divino Sainete*, whose original manuscript survives. The latter was also the subject of a interesting correspondence between its author and his editor. The linguistic analysis developed allows us to appreciate the evolution of the poet's linguistic criteria. Besides, other important topic, so far neglected, is dealt with: the influx of grammarians on the linguistic options of writers, and the latter's influence on the general orientation of spelling of the contemporary Galician language.

**Key-words:** Galician language- standardization- orthography- nineteenth century-Curros Enríquez

A historia da escrita do galego é en boa parte a crónica da progresiva autonomización do código gráfico respecto da produción oral. Esta autonomización implica por unha banda a análise cada vez máis requintada da cadea sonora, en particular das unidades constitutivas básicas do idioma (fonemas, morfemas, palabras, frases, oracións,...) e o recoñecemento da sistemática subxacente ós complexos fenómenos fonotácticos que caracterizan a lingua oral, e por outra banda a adopción de recursos gráficos, gramaticais, léxicos e discursivos que lle son propios á lingua escrita e a caracterizan verbo da oralidade. Naturalmente, aínda que os gramáticos e lingüistas colaboraron decisivamente nas devanditas operacións mediante a reflexión consciente sobre os problemas que estas suscitan, no caso do galego, perante a falta dunha tradición gramatical minimamente vigorosa e institucionalizada, unha parte moi importante do labor quedou en mans dos cultivadores do idioma, que obraron de xeito en xeral intuitivo e asistemático, ben que en grao diferente segundo os casos.

Con todo, debemos coidarnos de pensar que ese proceso de autonomización seguiu unha progresión lineal. De feito, na ortografía do galego escrito durante o século XIX, é posible distinguir dúas fases claramente diferenciadas, aínda que as fronteiras cronolóxicas entre ambas non se poidan determinar con precisión<sup>1</sup>. Nunha primeira fase, que vai desde as primeiras tentativas dos inicios ata aproximadamente a metade do século (digamos aproximadamente de J. Fernández y Neira ata J. M. Pintos Villar), non se manifesta unha vontade diferencialista verbo do castelán. Si se tenta, obviamente, resolver os problemas que opón a adaptación do sistema alfabético castelán para representar graficamente o inventario fonolóxico do galego, basicamente en dous puntos: a consoante prepalatal aproximante e maila nasal velar. Pero no demais, en xeral séguense as convencións ortográficas do castelán, tentando esquivar ou acomodar a elas, mal que ben, a representación de fenómenos fono- e morfotácticos específicos do galego que non se deixaban encaixar doadamente naquelas.

Nunha segunda fase, que comeza contra a metade do século, e da que autores como Rosalía, Curros e Lamas Carvajal son acaídos representantes, maniféstase unha vontade de

<sup>1</sup> Retocamos no que vén a seguir a proposta que ofrecemos en Fernández Salgado & Monteagudo 1995.

diferenciación da ortografía galega verbo da castelá<sup>2</sup>. Con esta vontade está intimamente relacionada a percepción, amplamente sentida, de que cumpría que a oralidade galega fose rexistrada na escrita coas súas peculiaridades e con moita maior exactitude do que se viña facendo. A verdade é que non sabemos decidir se o primeiro é causa ou consecuencia do segundo, ou ben se trata simplemente de dous fenómenos concomitantes. En todo caso, pódese sinalar que o que primou na primeira fase foi a prosa, mentres que na segunda o xénero dominante foi a poesía, e esta préstase máis cá primeira a unha escrita 'de oído' e 'para o oído': é razoable supor que isto favoreceu que os cultivadores do galego prestasen unha maior atención á fala e puxesen un maior coidado en rexistrala con fidelidade. O que si nos consta é que esta nova formulación da relación entre código gráfico e rexistro oral en galego colocou unha mancha de problemas de non doada solución, que fan repercutir na escrita do galego ata case a metade do século XX.

No que vén a seguir imos explorar o contributo de M. Curros Enríquez a algúns aspectos da elaboración do galego escrito nesa súa segunda fase. Aínda que existen achegas a este asunto, das que naturalmente nos beneficiamos para o noso traballo<sup>3</sup>, coidamos que a presente contribución se xustifica pola relativa orixinalidade da súa focaxe, e a sistematicidade con que esta é aplicada ó material considerado. O noso estudio non pretende a exhaustividade, no senso tanto de que non imos esgotar as múltiples facetas da devandita problemática, coma de que tampouco imos proceder a unha análise detallada de toda a obra galega do noso autor. Canto ó primeiro asunto, vannos interesar dun xeito especial os planos gráfico e morfolóxico, deixando de banda o léxico. Deterémonos en especial na problemática da segmentación da secuencia oral en unidades gráficas. Como dixemos, naquel período foi especialmente complicado decidir cáles fenómenos fonéticos (especialmente fonotáticos) e morfolóxicos (en particular, relacionados con alomorfos) debían rexistrarse graficamente e cáles se deixaban sen representación. Nesta vertente, as dificultades procederon máis das unidades gramaticais (artigos, demostrativos, algúns indefinidos, pronomes persoais e adverbios, preposicións e locucións adverbiais), especialmente cando se encontran entre si, ca das unidades léxicas.

Por outra banda, atópase a cuestión da constitución dun subsistema lingüístico de referencia, que trascenda a fragmentación dialectal. É coñecida a proposta de Carballo Calero (1972 e 1974), segundo a cal se terían sucedido períodos de galego dialectal, interdialectal, supradialectal e común; noutro lugar quedan explicadas as obxeccións que lle opuxemos, aínda recoñecendo os seus méritos (Fernández Salgado & Monteagudo 1995).

No tocante á amplitude do escandallo na obra galega de Curros, o noso campo de operacións vaise centrar por unha banda nos catro primeiros poemas de *Aires da miña terra*

2 A primeira achega a unha caracterización xeral da escrita galega deste período ofreceuna Alonso Montero 1970. Máis recente, e incidindo especialmente no aspecto ortográfico, Lorenzo 1986. Cunha análise completamente diferente á nosa e a estes dous estudiosos, e centrándose máis no léxico, véxase Carvalho Calero 1983.

3 Ademais dos traballos citados na nota anterior, véxase Fernández Pousa 1952, Carré Alvarellos 1959, Carballo Calero 1981, Rúa Ferradás 1987 e López Varela 1998 I, 204-305. Centrado nas posicións dos gramáticos, é fundamental o estudio de González Seoane 1992.

(Curros Enríquez 1880<sup>1</sup> e 1886<sup>3</sup>), por outra banda n' *O divino sainete* (Curros 1888). Do primeiro poemario publicado polo noso autor, *Aires da miña terra*, vaimos interesar sobre todo a lenda "A Virxe do Cristal", pero teremos tamén en conta as composicións "Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro", e, en menor medida, o poema "Introducción". Os tres primeiros textos ofrecen, pola súa extensión (sobre todo o primeiro) un material de base considerablemente abundante, e presentan a inestimable vantaxe de permitir o cotexto entre tres edicións (1877, 1880 e 1886). Como é sabido, "A Virxe do Cristal", "Unha boda en Einibó" e "O Gueiteiro" foron premiados nun certame convocado en Ourense en 1877, e viñeron a lume pola primeira vez na revista *El Heraldo Gallego* ("Edición de intereses generales"), nº 10, 11 e 12<sup>4</sup> (=Curros Enríquez 1877), para tres anos máis tarde seren incorporados na primeira edición de *Aires da miña terra* (1880). Seis anos despois publicouse unha nova edición, a terceira, deste poemario, revista e acrecentada (1886). Xa que logo, imos poder cotexar tres edicións sucesivas, e corrixidas, dos poemas premiados en 1877: a deste mesmo ano, a de 1880 e a de 1886.

Canto a *O divino sainete*<sup>5</sup> (Curros 1888), á parte de permitírnos comprobar a evolución dos criterios lingüísticos de Curros desde a terceira edición de *Aires da miña terra*, temos dúas razóns poderosas para ocuparnos del: podemos consultar o manuscrito orixinal do autor<sup>6</sup> e maila correspondencia co editor, Andrés Martínez Salazar, en que se discuten algúns criterios lingüísticos aplicados no texto<sup>7</sup>. Con todo, a análise deste texto foi relativamente menos minuciosa e detallada cá das composicións do certame de 1877. Doravante, utilizaremos as siglas V ("A Virxe do Cristal"), B ("Unha boda en Einibó"), G ("O gaitero"), I ("Introducción"), e D (*O divino sainete*). Após as tres primeiras siglas, indicamos en cifras arábicas o número de liña; despois da sigla D, remitimos ó canto con cifras romanas (utilizamos 0 para o canto introductorio), e, despois dun trazo, ó número de verso en cifras arábicas<sup>8</sup>.

Antes de rematar a presente introducción, que xa se vai facendo longa de máis, quere-mos subliñar outro aspecto que nos moveu a abordar o asunto que nos ocupa. Nos últimos anos, e en boa parte á calor das polémicas normativas, temos avanzado no coñecemento da

4 *El Heraldo gallego* 10 reproduce "Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro", os dous números sucesivos, 11 e 12, reproducen "A Virxen [sic] d' o Cristal" -non existe indicación de páxina. Véxase reprodución facsímil realizada por Eds. do Castro, 2001; cun estudio introductorio de Xesús Alonso Montero (pp. 7-10).

5 Véxase a edición de Xesús Alonso Montero, *A Cruña*, Edicións do Castro, 1969; sobre as mudanzas de criterio e correccións d' *O divino sainete*, consúltese especialmente as páxinas 127-36 da devandita obra e mais Alonso Montero 1970, 78-80.

6 Atópase reproducido facsimilarmente en López Varela 1998 II, 1849-1930.

7 Este epistolario áchase actualmente depositado na Real Academia Galega (fondo Andrés Martínez-Morás y Soria), pero as dúas pezas clave para o noso intento xa foran publicadas polo propio Alonso Montero na obra citada (1970, 101-6). Ampla noticia desta correspondencia dáse en Martínez-Morás 1987. Aproveito para agradecer ós atentos bibliotecarios da R.A.G. as facilidades que me deron para consultar o dito material.

8 Nos tres primeiros poemas, estará claro en cada caso á edición a que nos referimos (1877, 1880 ou 1886); débese ter en conta que a nosa numeración non coincide coa de López Varela 1998, pois este non computou as liñas de título, cousa que nós, seguindo a práctica habitual neste tipo de traballos, fixemos. Por parte, contamos liñas e non versos (no caso dos diálogos, uns e outros poden non coincidir). Para *O divino sainete*, seguimos a numeración que ofrece Alonso Montero na súa edición (Curros Enríquez 1969).

historia da ortografía do idioma galego no período contemporáneo. Emporiso, dous dos aspectos menos estudiaados desa historia, e que na nosa opinión resultan merecentes de especial atención, son o da influxo exercido polas preferencias dalgúns escritores sobre a evolución do conxunto do galego escrito<sup>9</sup> (cínxome agora ó aspecto ortográfico), e o do impacto das orientacións fornecidas polas obras dos gramáticos e lexicógrafos sobre aqueles. ¿Ata que punto seguiron os escritores as pautas (a penas podemos falar neste caso de normas) dos gramáticos? ¿Foron realmente influíntes, por acaso, a *Gramática gallega* (1868) de José Antonio Saco y Arce, ou o *Diccionario gallego-castellano* (1884) de Marcial Valladares? ¿As solucións adoptadas por unha Rosalía ou un Curros resultaron dalgún xeito decisivas para os seus coetáneos e continuadores?

No actual contributo imos tentar achegar algúns elementos de xuízo para responder a esas cuestións, apoiándonos precisamente no caso de M. Curros Enríquez<sup>10</sup>.

## 1. CONSCIENCIA DA PROBLEMÁTICA. A DEMANDA DA NORMA

Nun poema publicado en 1888, o escritor celanovés preséntanos dun xeito humorístico o galego como idioma que superou a súa infancia e se atopa ás portas da madurez: “Évos a léngua gallega / moza casadeira xa, / que en vez de arrulos de neno / cántigas quer de galán.”<sup>11</sup> Mais no prólogo ó poemario *Soidades* de Manuel Lugrís Freire, dado a lume en La Habana (Curros 1894b, xiv), exprésase dun xeito máis lúcido e realista:

“N[o] cabe tampoco ser demasiado exigente y descontentadizo, cuando todavía nuestro idioma no ha llegado á fijar su vocabulario. Estamos en la peor faena, la de *acarreo*: nuestro trabajo consiste hoy en recoger materiales, en arrancar piedra de la cantera popular y reunirla para después levantar el edificio. Entonces vendrá la *selección* y con ella el trabajo de cincel, que hoy es imposible.” [As cursivas son nosas].

Secomasí, as reflexións de Curros sobre a elaboración do idioma afloraran moito antes: probablemente, son simultáneas ós seus esforzos iniciais por escribir en galego, e perfectamente solidarias coa súa constante preocupación pola corrección dos seus textos antes da publicación. O noso poeta tivo que formar a súa lingua literaria sobre o galego falado, pero,

9 Véxase sobre a importancia da obra individual dos literatos nos destinos e orientacións dos idiomas, tan frecuentemente ignorada polos lingüistas, Scaglione 1984, e os restantes traballos no mesmo volume.

10 En setembro do ano 2001 celebrouse o sesquicentenario do natalicio do poeta Manuel Curros Enríquez. Con gallo desta efemérides, o Consello da Cultura Galega organizou un Congreso internacional sobre o autor, a súa obra e o seu tempo, que nos deu ensexo para achegarnos ó ideario lingüístico do vate celanovés (Monteagudo no prelo). Pola súa vez, ese traballo empurrounos a ocuparnos dos criterios lingüísticos que puxo en obra na súa escrita en galego. De aí naceu a presente achega, que debe contemplarse como complementaria da anterior.

11 Citamos pola edición de C. Casares en Curros 1992, 356.

como sinala Carballo, nel percíbese un “propósito de construción lingüística”, pois é un “consciente traballador do idioma” (Carballo Calero 1981, 385).

Xa en nota á “Virxe do Cristal” inserida ó final do volume *Aires da miña terra* (1880) se deixa contancia destes coidados cabo dunha xustificación polo emprego do galego, xustificación esta característica do período xerminal da literatura no idioma do país. O autor declara o seu apego á fala popular da que partiu<sup>12</sup>, para confesar “dificultás mecánicas con que tiña que tropezar pra desarrollal-os [asuntos] n’a lingua gallega”, pois “esta obríña [era] a primeira do seu xénero que n’a nosa lingua foi escrita”. E advirte Curros de que as poesías gañadoras do certame de 1877 se publican “purgadas d’algús insignificantes érrros d’emprenta, e correxidas d’algún que outro vocablo máis ou menos neolóxico y-escuro”<sup>13</sup>. Por parte, a quen ler a interesantísima correspondencia, custodiada na Real Academia Galega, do noso autor co responsable da terceira edición de *Aires da miña terra* (aparecida en 1886) e da primeira d’*O divino sainete* (1888), Andrés Martínez Salazar<sup>14</sup>, faráselle evidente a insistencia, case obsesiva, do noso autor na corrección de probas dos seus textos galegos.

Se en 1894, como acabamos de comprobar, Curros consideraba que no terreo léxico o galego literario se atopaba nunha etapa de acarrexo, previa á de selección, a consciencia da necesidade de fixar unha norma para escrita é bastante anterior. Sen ir máis lonxe, en carta a Martínez Salazar, de catro de abril de 1887, sostíña, referíndose ó *Cancionero gallego* de J. Pérez Ballesteros:

“los hombres de la respetabilidad del señor Ballesteros debieran sentar las bases definitivas y hacer en grande lo que yo trato de hacer en pequeño: dar unidad a nuestra lengua, empleando voces corrientes en unas y otras latitudes y creando una ortografía racional, no sistemática y exclusivista.” [Citamos por Alonso 1970, 102]<sup>15</sup>.

12 “Os esforzos de memoria, os requirimentos e conxuros q’eu faria en oito noites mortás a esa lingua enxebre, á sencillás encantadora d’o meu povo [...] comprenderanos sólo aqueles que [...] se visen privados como eu de cultivar dend’a infancia á doce lingua nativa. [...] Afortunadamente, [...] n’a VIRXE D’O CRISTAL non fixen máis que recoller unha tradición relixiosa, tal e como anda pol-o povo adiante, e, fóra a rima, c’os mesmos xiros, modismos y apotegmas que sai d’a boca dos nosos campesinos” (Curros Enríquez 1880, “Nota final” [s.p.]”

13 De feito, o que se producira fora unha revisión do texto con criterios lingüísticos diferentes. Véxase Monteagudo no prelo.

14 Isto xa é posible no caso de dúas cartas de capital importancia editadas por Xesús Alonso Montero, e de contado será doado para o conxunto gracias ás angueiras da infatigable Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda.

15 Sendo perfectamente comprensible o que quere dicir o autor ó referirse á *unidade* da lingua no aspecto léxico, resulta un pouco menos claro dixerar qué ten en mente cando propugna unha “ortografía racional, *non sistemática e exclusivista*”, especialmente o que puidera entenderse baixo os dous últimos adxectivos. Dá a impresión de que se trata de rexeitar unha ortografía de tipo fonético, pois ¿cal outra podería ser considerada sistemática e exclusivista? Pero as tentativas nesta liña que coñecemos (coma tal, a edición das *Proezas de Galicia* realizada por A. Martínez Salazar en 1893) son posteriores á declaración de Curros.

Fose como for, a preocupación pola codificación do galego desembocaría de xeito case natural na súa implicación no impulso á fundación da Academia Galega<sup>16</sup>, entidade da que foi un dos principais inspiradores. Despois do devandito, non sorprenderá a ninguén saber que Curros se mostrou inusualmente escrupuloso entre os escritores do seu tempo á hora de dar preferencia a unha ou outra solución ortográfica, morfolóxica ou léxica. Isto convérteo, unha vez máis, nunha testemuña privilexiada para o estudo do proceso de constitución do galego escrito.

Antes de rematar este apartado, coidamos pertinente subliñar un aspecto que a penas foi tido en conta: a familiaridade do noso autor coa literatura coetánea en portugués. Esta familiaridade plasmouse nas traducións ó castelán de vates lusitanos contemporáneos (Guerra Junqueiro, Theóphilo Braga, Antero de Quental), dadas a lume, ata onde podemos asegurar as datas, entre 1880 e 1886. Mesmo nunha ocasión o celanovés versionou para o galego o poema “Zara” de Antero<sup>17</sup>. Chama a atención o feito de que o coñecemento do portugués por parte de Curros tivese nulo impacto nos seus criterios e solucións idiomáticos en galego. Coidamos que isto constitúe un argumento contra os que alegan que a opción por un galego culto autónomo verbo do idioma de Alén-Miño foi consecuencia do descoñecemento deste.

## 2. INVENTARIO ALFABÉTICO E PAUTAS DO SEU USO. O MAXISTERIO DE SACO: OS GRAFEMAS <x> E <y>

Como se sabe, entre os problemas iniciais que os primeiros cultores do galego escrito tiveron que afrontar, atopábase o da representación do fonema prepalatal aproximante xordo de palabras como *xente*, *xogar* ou *caixa*, inexistente no castelán coetáneo. Nas datas en que se publicou a primeira edición de *Aires da miña terra*, este problema atopábase lonxe da súa resolución, como evidencia o cotexo da opción preferida por Curros coa adoptada por Rosalía en *Follas novas* (é sabido que os dous libros apareceron o mesmo *annus mirabilis* de 1880). O primeiro escribía, tal como se fai hoxe comunmente, *xente*, mentres que a segunda grafaba *ġente*, cun redundante signo de diérese sobre o <x><sup>18</sup>.

Emporiso, os problemas para a o triunfo da solución <x> non viñeron tanto da solución rosaliana, pois no fondo tanto esta coma a de Curros eran foneticistas, senón dos partidarios

16 Véxase Curros Enríquez 1894a e 1895a. Sobre isto, tamén Alonso Montero 1987, López Varela 2001, Monteagudo no prelo.

17 Os textos están inseridos, baixo o título “La lira lusitana”, nas *Obras completas*, editadas por C. Casares: Curros Enríquez 1979; 611-83. Véxase Vázquez Cuesta 1968. Sobre a lingua da versión galega de “Zara” publicou un comentario crítico Lapa (1979, 103-10) atinado en moitos pormenores, pero fortemente pexado na focaxe xeral por prexuízos magoantes nun lingüista.

18 Dicimos ‘redundante’ porque, contra o que puidera sospeitarse, non servía para distinguir o <x> representando /ks/, como en *existir*, fronte o <ġ> representando o devandito fonema, como en *faixa*, pois no primeiro caso Rosalía ou simplifica o grupo en /s/, tipo *esistir*, ou vocaliza a primeira consoante, habitualmente en /i/, tipo *esisitir*, ou escribe <cs>: *ecsisitir*, *reflección*. Véxase sobre isto Monteagudo & Vilavedra 1993, 47-51.

da escrita etimolóxica (*grosso modo*), que propuñan distinguir, conforme a orixe das palabras, entre <g> como *gente*, <j> como *jogar* e <x> como *caixa*<sup>19</sup>. O partido etimoloxizante estaba ben nutrido, e contaba con precedentes moi autorizados desde polo menos a publicación d' *A Gaita Gallega* de J. M. Pintos (1853), onde se alega o exemplo de todo un Martín Sarmiento. Seguían esta liña, entre outros aproximadamente coetáneos de Rosalía ou Curros, Francisco Añón, Antonio de la Iglesia (este é especialmente importante por ser o editor das antoloxías coñecidas baixo os títulos de *Álbum de la Caridad*, de 1862 e *El Idioma gallego*, de 1886), Eduardo Pondal e Marcial Valladares, o primeiro novelista en galego e responsable do máis importante dicionario decimonónico, o xa citado *Diccionario gallego-castellano* de 1884.

Endebén, Curros aliñouse con decisión no bando foneticista, que prefería a representación única con <x>, bando este que se fixo maioritario contra finais de século, pero que tardaría tempo dabondo en imporse de xeito rotundo. A Real Academia Galega, creada en 1906, optou de comezo pola solución etimolóxica, e a xeneralización da representación <x> só se produciu na período de entreguerras, ata ser sancionada, sequera de xeito provisorio, polas *Normas* do Seminario de Estudos Galegos de 1933. Nas décadas finais do século XIX os partidarios da solución etimolóxica eran especialmente fortes na cidade da Coruña, e isto probablemente explica a simpatía inicial cara a eles de Andrés Martínez Salazar<sup>20</sup>.

Aínda que non se recatou á hora de manifestar a súa opinión, Curros non entrou nos debates públicos acerca dos problemas ortográficos, como o que estoupou en 1888, pois probablemente non se consideraba con autoridade para opinar sobre o asunto, pero isto non significa que a súa opción persoal non fose consciente e meditada. Precisamente na correspondencia con A. Martínez Salazar exprésalle con toda claridade o seu punto de vista, que presenta amparándose na autoridade de Saco y Arce; pero trátase dunha posición na que viña manténdose firme desde tempo antes, pois nunha carta gábase de ter atraído a ela o finado (e por el moi admirado) Francisco Añón:

“Una agradable sorpresa me ha proporcionado la colección del Sr. Ballesteros [refírese ó *Cancionero popular gallego* editado por José Pérez Ballesteros]: la de saber que el autor se halla conforme en todo con la ortografía de mi ilustre maestro Saco” (4 de abril de 1887). “Respecto del uso de la <j>, yo he creído siempre, y en los últimos años de su vida logré traer al ilustre Añón a mi partido (que es el partido de Rosalía y de Saco), que esa letra, representante de un sonido gutural fuerte, puramente árabe, y ajeno por consiguiente a nuestra modalidad orgánica, no debe figurar para nada en la escritura puramente gallega” (14 de abril de 1887)<sup>21</sup>.

19 Sobre a polémica entre partidarios da grafía <x> e a da grafía etimolóxica <g,j>, que estoupou xustamente en 1888, véxase Hermida 1987 e González Seoane 1992, 65-129.

20 Como é sabido, Martínez Salazar era o *factotum* da ‘Biblioteca gallega’ onde apareceu a terceira edición de *Aires da miña terra* (1886), e tamén editor, aínda que fóra da tal ‘Biblioteca’, d’ *O divino sainete* (1888)

21 Alonso Montero 1970, 101 e 104.

Noutro aspecto, emporiso, mostrouse Curros máis remiso a seguir a autoridade de Saco y Arce: referímonos ó emprego do grafema <y>. No galego escrito daquela (González Seoane 1992, 161-172), este grafema podía empregarse nos seguintes casos, sempre representando a semivocal ou semicosoante [j]: (a) en final de sílaba, especialmente en posición final absoluta de palabra (*hay*) -moito máis raramente, en final non absoluta (*mays*) ou interior (*moyto*), (b) en posición intervocálica (*xoya*), (c) para o alomorfo antevocálico da conxunción *e* (*y-espello*), (d) para o iode epentético (*ceyo*, *a y-alma*). Nos textos editados en 1877, Curros fai unha utilización profusa (pero non sempre sistemática) do <y> en tódolos contextos indicados: (a) A aparición, só en final absoluto, está lonxe de sistemática: *Ay* (V 4), *hay* (V 14, 18, 89, 91, 96, 122, 140, 164, 202, 239...), *ley* (V 563), pero *lei* (B 48), *Rei* (V 139, 903, 950), *cai* (V 30), *sai* (B 19), *vai* (B 23, 84, 247), *hei* (V 42, 345), *moi* (B 106), *foi* (B 193)...; (b) A aparición é sistemática: *praya* (V 51), *saya* (V 73), *xoyas* (V 105, 946), *poyo* (V 195), *oyo* (V 236), *rayo* (V 356, 611, 636), *esmayo* (V 640); (c) Aparece sistematicamente: *y-outro* (V 17), *y-ásas* (V 26) *y-espello* (B 26)...; (d) Aparece moi esporadicamente: *chapeyo*, *patuleya*, *a tua y-alma*, pero invariablemente é representado por <y> (*cf. infra*).

En realidade, as dúbidas de Curros concentráronse no caso (a), pois nos demais nunca deixou de empregar o grafema <y>. Así, os exemplos do caso indicado corrixíronse en 1880 para <i>, nun movemento de aparente aceptación do criterio de Saco. Endebén, un tanto sorprendentemente, na edición de 1886 de *Aires da miña terra*, unha das poucas revisións sistemáticas conduce cara a unha xeneralización (que aínda non chega a ser completa) do uso do <y> en final de sílaba: *cay* (V 30), *hey* (V 42, 345), *say* (V 53), *dayme* (V 54), *perdonayme* (V 55), *sey* (V 58), *primaveyra* (V 74), *Rey* (V 139, 903, 950) pero *vai* (V 61), *máis* (V 66), *dispois* (V 75), *feito* (V 87), *foi* (V 92), *baixo* (V 109)... Un ano despois, aínda lle escribe ó seu editor, A. Martínez Salazar:

“Yo difiero de Saco únicamente en que no acepto como él en absoluto el empleo de la <i> latina, sino que la circunscribo a aquellos casos en que suena como vocal. A final de vocablo, su empleo me parece herético, y creo que nadie que conozca bien la influencia que en nuestras costumbres y por consiguiente ejercieron los pobladores griegos, puede proscribir por completo el elemento helénico de nuestro idioma [...] Esto explica por qué yo simultaneo la <i> latina con la <y> griega” (Carta de 4 de abril de 1887).

Vemos pois que tanto no rexeitamento de <g> / <j> coma na adhesión ó <y> pesaron con moita forza preconceptos sobre as orixes e carácter do idioma galego, o que constitúe un notable exemplo de como a ideoloxía orientou algunhas escollas ortográficas. Pero á derradeira, Curros acabou trasacordando, como demostran unha misiva ó editor herculino d’*O divino sainete*, de 18 de maio de 1888 onde lle prega: “Si ve V. las primeras pruebas, cuide de sustituir la <y> griega en el final de algunos vocablos (yo taché algunas pero no todas)

poniendo en su lugar la <i> latina”. Efectivamente, a xulgar polo manuscrito, parece claro que cando traballaba nel, Curros seguía mantendo máis ou menos o criterio co que corrixira a terceira edición de *Aires da miña terra* (1886). Pero o exame do texto da edición de 1888 aboa as palabras do autor que acabamos de citar<sup>22</sup>, pois o <y> en final de palabra foi completamente substituído por <i>.

No manuscrito pódese comprobar que esta corrección se realizou directamente sobre o orixinal ata o final do canto III; a partir de aí, non hai emendas. Estas deberon ser, pois, realizadas sobre as probas de imprenta polo propio editor, segundo lle indicaba Curros na carta antecitada<sup>23</sup>. Naturalmente, o <y> grego seguiu tendo os outros usos que se lle atribuían, particularmente no interior de palabra: *doyo* (D 0-22), *trayo* (D III-79), *sayo* (D III-143), *praya* (D III-154), *saya* (D III-156)... É de notar nesta obra a aparición do [j] antihiático (ou epentético) en *soyo* (D 0-24, VI-29, VII-118,173) e *cayeu* (D II-56,57, III-154). Non se rexistran exemplos de hiode antihiático en contextos do tipo *a y-alma*; por parte, aparecen formas como *ceo* (D I-143) ou *chapeo*, sempre sen hiode.

O maxisterio de Saco é confesado unha vez máis nunha recensión dun poemario en galego na que o celanovés celebra que o autor se ativese no seu libro

“a la escritura ortodoxa, usada por Saco y Rosalía, y aceptada por los escritores del mediodía de Galicia, escritura que para nosotros es la mejor y seguirá siéndolo mientras no tengamos una Academia que establezca definitivamente reglas fijas para la unidad ortográfica de nuestra lengua.” [Curros 1895b; citamos por López Varela 1998 II, 1245).

É de notar que o poeta cite como autoridades Saco (gramático) e Rosalía (escritora), pero sobre todo chama a atención a observación de que a ‘escritura ortodoxa’ sexa ‘aceptada polos escritores do mediodía de Galicia’, onde parece sinalarse unha contraposición entre os dous centros máis importantes de produción literaria en galego na época: Ourense, onde pri-

22 O manuscrito atópase reproducido en López, 1998, II, 1849-1930. Véxase nota 5.

23 A seguir, listamos as formas relevantes. As que non sufriron modificación, non van precedidas de ningunha indicación, as que van precedidas do signo <#> foron emendadas directamente no manuscrito polo autor, as que van seguidas do signo <\*> aparecen corrixidas no texto impreso: pisei (D 0-11), recei (D 0-11), biquei (D 0-12), hay\* (D 0-13), #topey (D 0-13), #tomey (D 0-18), #escoitey (D I-16), #Quedey (D 0-19), #nay (D 0-28), #boy (D 0-29), #hey (D 0-46,89), #vay (D 0-52, I-63,149, III-178), #faley (D I-49), mirei (D I-53), foy (D II-13,16), quedei (D II-18), #foy (D II-22), moi (D III-16), #gocey (D II-59), #fay (D II-83,125, III-85), #hay (D III-48), #sey (D III-58), #baixey (D III-71), #entrey (D III-124), notey\* (D IV-77), pensey\* (D IV-84), Escramey\* (D IV-107), vay\* (D IV-180), aspirey\* (D V-8), foy\* (D V-21), hay\* (D V-26,104,105), sey\* (D V-65), pensey\* (D V-101), tray\* (D V-101), enterrey\* (D V,109), esconxurey\* (D V-121), palpey\* (D V-122), apresey\* (D V-122,123), peguei (D V-151), hay\* (D V-58), repriquey\* (D V-160), Escramey\* (D VI-21), foy\* (D VI-33,63), recuey\* (D VI-118), vay\* (D VI-126), hai (D VII-19), sei (D VII-34,123, VIII-85), cai (D VII-36), say\* (D VII-39), quedei (D VII-110), foy\* (D VII-120), berrey\* (D VII-154), quedey\* (D VII-170), pensey\* (D VIII-42), foy\* (D VIII-50), hay\* (D VIII-131), deixarey\* (D VIII-164), faley\* (D VIII-193), botey\* (D VIII-211), respirey\* (D VIII-212).

maban os partidarios da tal ortografía 'ortodoxa', e A Coruña, onde, como deixamos sinalado, tiña moito predicamento a posición cultista e etimoloxista. Voltando pois ás preguntas que nos faciamos ó comezo deste parágrafo, temos aquí un exemplo claro do influxo dun gramático na opción ortográfica dun escritor. Aliás, é moi verosímil que a adopción da solución fonetista <x> para a sibilante prepalatal por parte de Curros, Rosalía e Valentín Lamas Carvajal, resultase ser un elemento decisivo á hora de inclinar a balanza ó favor deste uso gráfico na historia do galego escrito na época contemporánea.

Noutros puntos de ortografía, como no uso do <h> e a distribución de <b> e <v>, o autor tendeu a seguir, coma a maioría dos seus coetáneos, a norma do castelán, aínda que dun xeito bastante errático, e con mudanzas de criterio<sup>24</sup>: na liña V 15, *hosos* (1877) > *osos* (1880) > *ósos* (1886), pero en V 180, *orfos* (1877) > *hórfos* (1880, 1886); en V 1177 *arripiar* > *harripiar*, pero *harripiado* = (V 613); *hobo* = (V 661) pero *oviño* (1877) > *hoviño* (V 805); en V 149, *brau* (1877) > *vrau* (1880); *tréboa* > *trévoa* (V 554), *vágoa* > *bágoa* (V 695), *bicades* > *vicades* (V 1203), *crabar* (V 748), *ferber* (B 1226); *trévoa* (I 51) e *treva* (D I-58), ...

### 3.1. A fixación da forma fónico-gráfica das palabras. Dialectalismo

A fala de Celanova non presenta seseo, aínda que relativamente próxima a ela se atopa a 'illa seseante' de Cortegada. De feito, a isoglosa que marca a fronteira entre o seseo implorativo e a ausencia de seseo está moi arredada de Celanova<sup>25</sup>. Consecuentemente, na edición de 1877 de V, B e G, só se rexistran exemplos esporádicos de seseo. Emporiso, na edición de 1880 de *Aires da miña terra* é perceptible a tendencia a xeneralizar a representación deste fenómeno e o criterio de 1880 é mantido na edición de 1886. Nunha última viravolta, Curros torna n' *O divino sainete* ó seu criterio inicial, desbotando a representación do seseo implorativo. O devandito alértanos, unha volta máis, contra a tentación de contemplar a superación do dialectalismo no galego escrito como un proceso lineal e ordenado. Curiosamente, este exemplo tamén nos mostra como o *interdialectal* pode interperse entre o *dialectal* e o *supradialectal*, cando, como no caso que estamos a considerar, resulta que estes dous coinciden.

Vexamos o que acontece nas sucesivas edicións dos tres poemas publicados en 1877:

1877	1880/1886	Observacións
luz >	lus (V 11,...)	Unha ocorrencia de <i>lus</i> en 1877 (V 391)
voz >	vos (V 19, 24, 32)	
vez >	ves (V 557...)	<i>algunha vel' o facía</i> > <i>algunha ves o facía</i> (V 143). <i>Ve</i> z = (B 167)
cruz >	crus (B 146)	

24 Salvo indicación expresa en contrario, citaremos deica en diante pola edición de 1880.

25 Para a distribución diatópica do seseo implorativo, véxase Fernández Rei 1990, 54-56.

1877	1880/1886	Observacións
felís = (B 211)		Unha ocorrencia de <i>felice</i> (V 1074), por razóns métricas.
infelís = (V 537)		
atrós = (V 670)		
rapaz = (V 595)		lezme > lesme (V 351)
paz = (V 757, B 45)		mizquiñas = (V 154)
perdiz = (B 203)		chizpa = (V 729)

Caso á parte é o do castelanismo adaptado *xuzgar*, que pasa a *xusgar* (V 825).

N' *O divino sainete* non aparece, salvo excepción, o seseo implosivo. Temos un único exemplo de *crus* (D I-43), cabo da forma *crúz* (D V-140), e unha boa presada de nomes rematados en <-z>: *atroz* (D III,126), *audaz* (D IV-145), *feroz* (D III-134), *luz* (D III-102, V-89, VII-93), *mordaz* (D VI-60), *paz* (D II-26,99, VIII-131), *vez* (D IV-176, VII-25), *voz* (D I-28, IV-101, VII-73). Tamén se rexistra a forma verbal reducida *parez* (D VII-137). Quizais sexa merecente de comentario especial o sustativo *cabás* (D VII-27), posto en boca de Francisco Añón, transcrito en cursiva (no manuscrito está subliñado). Polo contexto debe designar un pequeno cesto con asa ou ben unha especie de carteira de madeira coma a que levaban os nenos á escola. Aínda que algúns dicionarios galegos recollen a forma *cabaz*, no *Glosario de voces galegas de hoxe* só se recolle a variante con seseo final, atestada nos dous extremos do dominio lingüístico galego: en Razo, na costa coruñesa ó occidente de Carballo, e mais en Porto, provincia de Zamora (García 1985, 148-9). A palabra *cabás*, con esa forma, aínda pervive na zona de onde era orixinario Francisco Añón, como pode testemuñar quen subscribe o presente traballo, que a emprega na primeira das acepcións indicadas. É moi probable que Curros a considerase característica do poeta da Serra de Outes.

### 3.2. Fixación da forma das palabras. Vocalismo átono, metaplasmos

Trataremos en primeiro lugar as alteracións que afectan ó vocalismo átono e non teñen unha motivación fonotáctica. No apartado seguinte consideraremos os fenómenos que afectan ós sons fronteirizos (habitualmente moi lábiles) entre palabras, isto é, os fenómenos fonotáticos. O que interesa observar nos dous casos é o grao de aproximación /distanciamento da escrita verbo da realización fónica.

Comezaremos polas alteracións do vocalismo átono. Aquí é de notar especialmente a tendencia a pechar [o] en [u] e [e] en [i] en posición pretónica. Esta tendencia é especialmente visible na edición de 1877: *sirvido* (486), *cuntigo* (V 503), *curtisía* (V 561), *aligría* (V 565), *dirritiría* (V 660), *cunvirtida* (V 697)... Na edición de 1880, téndese a repoñer o timbre orixinario da vocal: *servido*, *contigo*, *cortesía*, *alegría*, *derretería*, *convertida*... No vocalismo postónico, en troca, prodúcese a tendencia inversa, a abrir [i] en [e] e [u] en [o], especialmente cando forman secuencia cun [a] ou [o] seguintes. Neste caso, non se aprecia unha variación de criterios do autor: *váreas* (V 910), *léngoa* (1877) > *lengua* (1880) (V 1114), *últemo* (I 64), *atóneto* (V 1081), *lástema* (V 1128), ...

Tamén temos exemplos de labialización, tanto na posición pretónica coma na postónica: *somana* (V 890), *áspora* (V 1037)...

Na P2 e P6 do indicativo presente de verbos con vocal radical -a- ou -o-, cando esta se atopa en hiato coa vocal temática -e-, é moi frecuente a contracción: *trás* (V 367), *rósnos* (V 368), *sán* (V 126). Na P3, é máis frecuente a diñongación: *cai* (V 30), *sai* (V 53), *traite* (D 0-31)...

Canto ós metaplasmos, isto é, alteracións que implican a supresión ou a adición de sons, temos abundantes ocorrencias, que teñen que ver sobre todo con vocais átonas. Comezaremos polos fenómenos de supresión. Aférese, isto é, perda dunha vocal ou sílaba inicial de palabra: *quilibrio* por *equilibrio* (V 102), *dificio* por *edificio*, *toupa* por *estoupa* (V 51). Síncopa, isto é, perda dunha vocal no interior da palabra: *vrau* por *verau*, *atruuxos* por *aturuxos* (V 858), *avriguar* por *averiguar* (G 55), *desparecer* por *desaparecer*. Apócope, isto é, perda dunha vocal ou sílaba en final de palabra: *virtú*. Dado que este último fenómeno ten implicacións morfolóxicas, retomarémolo máis adiante. Vexamos agora os fenómenos de adición. Prótese, adición dunha vocal ó inicio de palabra: *arrematada* (V 732), *arrenegado* (V 598), *arretirarse* (1077), *asuspirar* (1190), *arrudilla* (V 830). Tamén rexistramos exemplos de anaptixe, ou inserción dunha vocal no interior de palabra, especialmente para desfacer o nexo /dm/: *adimirar* (V 672), *adimirar* (V 908), *admiraciós* (V 934)... Hai casos, esporádicos, de epéntese de [j] entre [é] ou [é] tónico e [o] ou [a]: *ceyo* (V 547), fronte ó moito máis corrente *ceo* (V 604, 616...), *chapeyo* (B 96), *patuleya* (B 123). Da epéntese fonotáctica falaremos a seguir. Temos tamén exemplos, esporádicos pero relativamente abundantes, de paragoxe, sempre de [e] tras [r] ou [l]: *fácele* (I 13), *cadávere* (V 641), *ánxele* (V 651), *rondare* (V 969), *vivire* (V 1139)...

Outros metaplasmos afectan ó consonantismo. Salientaremos a metátese de [r]: *palra* (V 296), *pelra* (V 407), *perguizeiro* (V 454), *bulra* (V, 295), *bulrona* (V 1086); *persente* (1877) > *presente* (V 1122), *probe* (V 1207), *pelresia* (D I-93)...

O que podemos observar é que Curros tendeu a corrixir aqueles fenómenos que non lle impuñan a revisión do metro (timbre do vocalismo átono), na liña de restaurar formas 'cultas' das palabras (isto é, menos evoluídas), pero botou man abundantemente das licencias que lle permitían engadir ou suprimir unha sílaba para escandir correctamente os seus versos, e neste caso, loxicamente, non introduciu correccións.

### 3.3. Fenómenos fonotáticos

Os fenómenos fonotáticos entre palabras contiguas son moi frecuentes en galego, especialmente se unha das palabras ten carácter gramatical (artigo, pronome, preposición, conxunción...), e máis aínda se o teñen as dúas. Neste último caso, o fenómeno, en principio fonético, pode ser tan sistemático que se gramaticaliza; neste caso falamos de contracción ou crase. As alteracións fonotáticas tenden a 'escurecer' os límites entre as palabras, e xa que logo poñen atrancos ó proceso de análise a que obriga a escrita. Impónse aquí unha observa-

ción moi importante: cando está constituída unha tradición ortográfica, os lectores/escritores<sup>26</sup> que seguen esa tradición, xa ‘reciben’, mediante as mesmas prácticas desa tradición, unha determinada análise da lingua, que é interiorizada e percibida como ‘evidente’ e ‘natural’<sup>27</sup>. Por iso nós temos que facer un esforzo de empatía para pórnos no lugar dos primeiros ‘escritores’ no noso idioma, sendo este practicamente ágrafo e aqueles forzosamente case (o sen case) analfabetos nel. Mesmo máis adiante, cando comeza a haber un repertorio de textos en galego relativamente abundante, os problemas persisten, por falta de fixación.

Nos textos en galego do que denominamos ‘segunda fase’ da escrita galega observamos o esforzo individual de cada ‘escritor’ por realizar a devandita segmentación da cadea falada, imposta polo código escrito, esforzo apoiado nos textos anteriores coñecidos e mais nas prescricións dalgúns gramáticos (véxase González Seoane 1992, 187-204). En todo caso, hai que dicir que a poesía constitúe un rexistro adecuado para funcionar como ‘ponte’ ou transición entre a fala e a escrita, pois o poema está concibido para a súa transmisión oral, e por iso o oído xoga un papel moi importante, máis importante ca o ollo, na súa composición. Ora, por este mesmo carácter ‘fronterizo’ entre os dous rexistros, a poesía non é o medio idóneo (polo menos, non é tan idóneo coma a prosa) para conseguir a fixación da ortografía. Falando en termos xenéricos, o poeta está lexitimado para explorar os múltiples recursos que lle ofrece a variación lingüística moito máis a fondo ca o prosista. En particular, por causa dos padróns métricos, rítmicos e rimáticos ós que debe aterse, o versificador pode xogar con ‘licencias’ fónicas que o prosista ignora ou ten practicamente vedadas. E precisamente a fixación da escrita pasa por acoutar drasticamente esas ‘licencias’ e xerarquizar aquela variación, limitando as súas marxes e reducíndoa ó funcionalmente rendible.

### 3.3.1. *Epéntese de [j] e sinérese de e. Grafema <y> e uso do trazo <->*

É sabido que os metaplasmos fonotáticos, aínda que nalgúns casos afectan ás consoantes, adoitan afectar principalmente as vocais. O encontro na cadea falada de dúas vocais pretencentes a palabras diferentes pode dar lugar a un dos seguintes fenómenos: elisión, contracción ou crase, sinérese ou sinalefa (pronuncia como ditongo de vocais en hiato), ou epéntese. Comezaremos, por orde de sinxeleza, coa epéntese. Fronte á práctica bastante habitual entre os seus coetáneos, o noso autor raramente representa graficamente o [j] epentético que na fala pode aparecer entre dúas vocais homórganas, especialmente entre dous [a]. Só temos un exemplo, *a tua y-alma* (V 426), fronte ó máis corrente *a tua alma* (V 758 e V 1033). Tamén

26 Empregamos aquí o termo ‘escritores’ como estricto análogo de ‘lectores’, isto é, como individuos que practican a escrita no idioma, non como sinónimo de ‘literatos’.

27 Os problemas só xorden en puntos concretos, marxinais, en que a tradición pode mostrarse vacilante: para os ‘alfabetos’ en galego hoxe pode haber dúbida respecto da segmentación gráfica de ‘á parte’ ‘a penas’, ‘en seguida’, ‘dacabalo’, ou ‘decote’, ou mesmo ‘nalgo’, ou, sendo ‘un’ numeral (oposto a ‘dous’, ‘tres’,...), en casos como ‘en un’ ‘con un’; pero non dubidará (salvo lapsus ou aprendizaxe imperfecta) en escribir ‘dos nenos’, ‘á noite’, ‘de hoxe’, ‘que o leva’, etc.

*a alma* (V 185), mentres que en *a miñ'alma* (V 1012) aparece o tratamento alternativo, con elisión do primeiro [a] ou ben a contracción dos dous [a] —a grafía suxire o primeiro, pero non exclúe a segunda posibilidade—, relativamente frecuente no noso autor, como veremos máis abaixo.

Canto á sinérese, isto é, a pronuncia en ditongo dunha secuencia de dúas vocais inicialmente en hiato, o caso máis conspicuo é o da conxunción *e*, que, como é sabido, ante outra vocal tende a pronunciarse como semivocal [j] nunha porción importante dos falares galegos, entre os cales o celanovés. Salvo contadísimas excepcións (como *e alba*, V 886), debido probablemente a inadvertencia, o autor representa tal alomorfo da conxunción como <y>, indicando a súa pronuncia semivocálica mediante un trazo <-> que a une á vocal seguinte: *y-a lus* (V 41), *y-está* (V 353), *y-amor* (B 105), *y-os curvidados* (B 145)... En ocasións, a sinérese implica tamén unha mudanza no timbre da vocal 'forte' do ditongo, no senso da súa abertura. Na escrita currosiana, isto ten claro reflexo gráfico no caso dos demostrativos masculinos *iste(s)*, *ise(s)* e o pronome persoal *il(es)*, e, ocasionalmente, cos indefinidos *un* e *outra*: *y-on branco sudario* (V 1181), *y-on carro* (B161) (para os demais casos, véxase máis abaixo).

### 3.3.2. *Elisións e contraccións asistemáticas. Uso do apóstrofo <'>*

Na escrita currosiana detéctase unha forte tendencia a representar as elisións vocalicas, que afectan especialmente a [e] ante calquera outra vocal, e á primeira de dúas vocais iguais; neste segundo caso, adoito non é doado decidir se estamos perante unha elisión ou perante unha crase. A doutrina a respecto disto do gramático Saco y Arce era a seguinte:

“Los pronombres enclíticos, los adverbios, preposiciones y conjunciones, son, á causa de su frecuentísimo uso, las partes de la oración que más comunmente sufren esta pérdida [‘elisión’] [...] Con el nombre es todavía menos comun el apóstrofo, no verificándose apenas, sino con la *e*, ó cuando las dos vocales encontradas son una misma repetida [...] El apóstrofo aunque frecuentísimo, no es sin embargo forzoso, excepto con la preposicion *de* y con los afijos *me*, *che*, *lle*, seguidos del pronombre-artículo *o*, *a* [...]” (Saco y Arce 1868, 142-4).

Deixando agora de banda os casos máis sistemáticos, e centrándonos en ocasións en que polo menos unha das vocais elididas forma parte dunha palabra léxica, podemos ver algúns exemplos do segundo (citamos pola edición de 1877): [a+a] *esborrallad'a torre* (V 30), *dab'as probas* (V 1032), *tod'a vida* (V 571); [e+e] *nac'esprenedoroso* (V 20), [o+o] *pouquichiñ'o fatigoso* (V 16). Canto á tendencia para reflectir graficamente a elisión do [e]: [e+a] *vint'anos* (V 172), [e+o] *volved'ó voso afán* (V 38), [e+i] *doc'ilusión* (V 43). A vocal [o] tamén é moi frecuentemente elidida ante outra: [o+a] *feit'alá* (V 87), *vos'agrado* (V 1214), [o+e] *no medi'e medio* (V 84), *pront'espertará* (V 448); [o+u] *tral'ultimo* (V 36), *contig'un escarmento* (V 503). A elisión do [a] é relativamente habitual no caso da preposición *pra*:

*pr'ónde quer* (In 75), *pr'estar* (V 224), *pr'esculirse* (B 98). Pero tamén é frecuente noutros contextos, como mostran os seguinte casos: [a+e] *caladiñ'e fresca* (V 213), *feitur'enana* (V 415), *unh'herdade* (V 1111); [a+o] *unh'oracion* (V 392).

Como se ve polos exemplos, o signo gráfico que representa a elisión é apóstrofo <'>, e o seu emprego non implica ningunha modificación gráfica da consoante precedente, agás no caso do dígrafo <qu>, que tende a perder o seu segundo compoñente, <q'>. Así, por acaso, *parec'a dun porco* (V 1117) por *parece a...* De tódolos xeitos, o noso autor, que nunca representou sistematicamente as devanditas elisións, co paso do tempo tendeu a repoñer as formas plenas das palabras. Así, da relación de exemplos que acabamos de ofrecer, tres deles foron corrixidos na edición de 1880 (*nace esprendoroso, feito alá, caladiña e fresca*), e dous máis na de 1886 (*esborrallada a torre, no medio e medio*). N' *O divino sainete*, a frecuencia de representación gráfica da elisión decrece visiblemente, restrinxíndose case totalmente a palabras gramaticais rematadas en -e (moi especialmente, á preposición *de*).

Canto ó fenómeno de crase, levando conta do que dixemos antes tocante a que no caso de vocais iguais non sempre é doado determinar se nos atopamos perante unha elisión ou unha crase, e deixando á parte as contraccións gramaticalizadas (ou con tendencia á gramaticalización), que consideramos máis abaixo, o máis salientable é a tendencia a representar graficamente a crase de [a] + [u], que se resolve nun [ɔ] aberto (citamos pola edición de 1877): (V 666) *xiquer'onha sinal; lev'onha capa* (B 89), *deci'onha vella* (B 174), *music'on tempo e poeta* (G 90). Nótese, emporiso, que na edición de 1880 tende a non representarse a contracción, resolvendo en dous dos devanditos casos o encontro como elisión: *xiquer'unha sinal, lev'unha capa*. Esta corrección está na liña doutras que veremos máis abaixo (*como / coma*). N' *O divino sainete* este fenómeno practicamente non aparece.

Un caso en certa maneira especial ofréceno exemplos coma estes: *n'aldea* (V 62), *tod'aldea* (V 578), *alá n'eras remotas* (V 87), *n'outono* (200), *en fog'atmosfera* (V 631), *recadand'aixada* (V 656), *d'hermosura* (V 800), *d'airexa* (V 205, V 967). No primeiro e o cuarto casos, parece que se produciu primeiro a contracción da preposición *en* cos artigos determinados *a* e *o* respectivamente, e despois as vocais [a] e [o] dos artigos se elidiron ante a vocal homórgana seguinte (ou contraeron con esta). Algo similar ó primeiro aconteceu no segundo exemplo, pois aí tamén se contraeron tres [a]: *toda a aldea*. Un fenómeno similar a este, aínda que cunha secuencia de dous [a] e con distinta solución gráfica, ofréceno *con toda calma* (V 924). A terceira ocorrencia mostra un caso curioso, en que o *e* da preposición sofre unha elisión, pero a causa non da vocal seguinte (coma en tódolos casos que estamos a considerar), senón da precedente. Algo similar acontece noutros casos, como *que saminaran* (V 923). É evidente que no quinto caso, ademais da elisión do [o] de *fogo*, se produciu unha contracción do [a] do artigo determinado co [a] inicial do nome: *en fogo a atmosfera*. Algo semellante acontece no quinto exemplo, onde se produciu a elisión do [o] final e a contracción do

[a] do artigo co [a] inicial de *aixada*<sup>28</sup> (*recandando a aixada*). No sétimo caso, debe tratarse dunha elisión do [a], previa elisión do [e] da preposición, ou ben da contracción daquela co [e] inicial do nome (*de a hermosura > da hermosura*).

Máis significativo é o último exemplo, onde atopamos a forma *airexa*, constante na edición de 1877 (*ést'airexa*, V 957; *car'airexa*, B 58; *n'airexa*, B 107), e corrixida sistematicamente a *igrex*a na edición de 1880 (véxase abaixo no léxico). Parece claro que a variante *airexa* presenta un caso de falsa segmentación: o [a] do artigo determinado feminino (ou, no seu caso, do indefinido *unha*, o demostrativo *esta...*) foi analizado como primeira vocal do nome<sup>29</sup>. O autor aquí reanalizou a palabra, e preferiu a variante máis tradicional *igrex*a.

Exemplos similares ós anteriores son, entre outros, os seguintes: *d'outono* (= do outono) (In 8), *d'inominia* (= da inominia) (In 76), *d'escola* (V 75), *d'aurora* (V 95), *Rosa somóuse* (V 1005), [*no relós*] *d'espadaína* (B 121), ...

Como se deduce do que levamos dito, a tendencia nestes casos foi a regularizar e ó tempo limitar a representación gráfica da elisión, e sobre todo os de contracción (de seu, menos frecuentes). Neste terreo, pois, obsérvase como a escrita se vai autonomizando da oralidade, afastándose desta. Máis abaixo imos considerar de xeito específico as elisións máis sistemáticas, en que entra unha preposición, e que estaban fixadas ou camiño da súa fixación gráfica.

### 3.3.3. *Encontros con preposicións: elisións, contraccións, alomorfos*

Desenvolvemos a seguir o cadro dos encontros de preposicións con outras palabras gramaticais (artigos determinados e indeterminados, demostrativos, pronome de terceira persoa, certos indefinidos) que atopan unha representación gráfica máis sistemática. Salvo indicación en contrario, as formas que aparecen no alto representan todo o paradigma, incluíndo variación de xénero e número<sup>30</sup>. Na lista que segue ó cadro presentamos exemplos das formas máis interesantes (incluso contradicindo a tabela anterior), que ás veces serven para ilustrar os comentarios que enfiarnos a seguir. Endebén, é importante recalcar que a impresión de sistematicidade que poida producir o cadro é un tanto ilusoria, pois hai que ter en conta que somos nosoutros os que extraemos e ordenamos unha serie de casos de encontro de palabras gramaticais a partir dun confuso magma de ocorrencias de contraccións e elisións producidas entre calquera tipo de palabras, un magma en que a presunta sistematicidade dos que incluímos na lista se difumina. Por parte, é de notar que a relativa menor frecuencia da representación grá-

28 Para facerse unha idea da distribución territorial desta variante a respecto doutras (*eixada...*), véxase García 1985; p. 39.

29 Probablemente, puido acontecer previamente a fusión desde [a] cun [e] da variante *eirexa*. Algo similar, aínda que non idéntico, pode atoparse detrás das variantes *aixada* / *eixada*.

30 Poñemos *este* e *el* como representantes dos paradigmas respectivos. A problemática específica que presentan as formas de masculino singular cos seus alomorfos será considerada de vagar máis abaixo. *Alguén* está tamén por *algo* e máis *algún* e o seu paradigma. En casos que poden ofrecer problemas, no cadro só inserimos as formas que temos efectivamente documentadas.

fica de elisións e contraccións no caso das palabras léxicas n' *O divino sainete* con respecto ás obras anteriores axudaría a percibir unha certa sistematicidade nestoutro caso de palabras gramaticiais. Aínda que non examinamos en detalle esta obra nos casos contemplados nos parágrafos anteriores, a consideración dos contextos que presentamos aquí aboa esta impresión, como se deixa explicitado nos exemplos e observacións que seguen ó cadro.

	O (A)	UN	ESTE	EL	ALGUÉN	OUTRO
A	ó, á	ón	ése, ésa	él, éla		
BAIXO	baix'a					
CARA (A)	car'o					
CON	c'o, c'a/co'a	c'un	c'o este	co'el		
CONFORME		conform'un				
CONTRA	descontr'a	contr'on		contr'el		
DE	d'o	d'un	d'este	d'el	d'alguén	d'outro
DENDE	dend'o			dend'el		
DENTRO	dentr'o					
DIANTE	diant'o					
EN	n'o	n'un	n'iste	n'il	n'alguén	n'outro
ENTRE	entr'o	entr'un	entr'esa			entr'outro
HASTRA	hastr'a	hastr'un				
ONDA	ond'a					
PRA /PARA	pr'o, pr'a	pr'on				
POR	pol-o					
SOBRE	sobr'o	sobr'un	sobr'esta			
TOCANTE	tocant'a					
TRAS	tral-o					

#### EXEMPLOS

A+ O: O mesmo dixeches a Pedro Balada [...] y-o amo da casa (V 275-8), tiróuno [...] o val (V 722)

A + UN: s'ela dá un ichav'ón cego = (B 24)

A + ESTE: vinde rezarl' ésta igrexa (V958), responder ésas preguntas (In 20), canto ése morto (V 55)

A + EL: ¡Qué olladas lle botan éla! ¡Qué olladas lle botan él! (B 152-3), á nadia máis qu'él quixen (V 381), anqu'él non ll'interese (V 384).

BAIXO: baixo a outra (V 109), baix'a ventana (V 970).

CAR[A A]: car' á Madril (V 148), car'o lugar (V 734), car'a Soutoverde (1101), car'a igrexa (B 53).

CON + O, A: c'os vellos (In 36), co'a boca (V 1109), c'a punta (V 376), co'a duda (v 626), co'a cabe-ciña (V 870), co'as chancas (B 233).

CON + ESTE: c'o esta (V 577), co'estes (V 579), co'esas (V 1015).

CON + EL: co'el (B 21).

(DES)CONTRA: descontr'a casa (B 122), contr'on penedo (G 106). N' *O divino sainete*, contra o Imperio (D VIII-95).

DENDE, DÉNDESDE: dend' eles (V 28), déndesd'o ceo (V 430), déndesd'os pês (V 1194). Pero n' *O divino sainete*: dende as areas (D VI-4), dende o Empíreo (D VI-07).

DENTRO: dentr'o castelo (V 171).

DIANTE: diant'os fociños (G 74). *N' O divino sainete*, diante El (D VI-103).

ENTRE: entr'a baixa servidume (V 160), entr'o polvo (V 23), entr'un exame d'estrelas (B 196), entr'esas silvas (B 4), entr'outras (V 910). *N' O divino sainete*, entr'os lobos (D II-132), entr'un goso (D II-145), entr'aquela (D V-92), entr'os brazos (D V-127).

HASTRA: hastr'a saída (V 95), hastr'a aldea (V 199), hastr'a frente (V 1194), hastr'un reino (V 622). *N' O divino sainete*, hastra o sono (D II-33), hastra a prata (D VIII-16), hastra o de oxe (D VIII-168), hastr'o cabelo (D V-51).

ONDA: onda nós (In 19), ond'a Martiño (V 84), ond'a cancela (V 219), ond'o abade (V 842).

PRA: pr'onha provincia (In 4). *N' O divino sainete*, para o mundo (D VI-31), para o altar (D VI-90), para os modernos (D III-99), pr'o Vaticano (D VII-79), pr'os lobos (D VIII-190), pr'o chau (D VIII-217), pr'on romedio (D VII-14).

SOBRE: sobr'a casca (In 4), sobr'o marco (1111), sobr'unha trabe (102), sobr'esas y-autras (V 467), sobr'o tren (D VI-5).

TOCANTE: tocant'a limpeza (V 313).

TRAS: tral'último (V 36), tral-as pedras (V 1115).

#### OBSERVACIÓNS:

Queremos engadir algunhas observacións, que iremos debullando preposición por preposición.

A. Á parte do que xa sinalamos verbo do <y> grego, existe outro aspecto no que Curros non seguiu as prescricións do gramático Saco y Arce: na representación das contraccións da preposición *a* co artigo determinado. Aquí Saco propuña empregar o acento circunflexo (*ô, â...*), mentres que o poeta celanovés foi constante na utilización do acento agudo (*ó, á...*). A grafía corrente da preposición no castelán do tempo, e polo mesmo tamén no galego, era *á*, con til. Isto creaba problemas en galego, pois chocaba cunha das posibles representacións da contracción da preposición co artigo determinado feminino. Probablemente por isto, Saco y Arce (1868, 229) propuña, mantendo a grafía *á* para a preposición, escribir *a* o artigo e *â* a contracción. Esta última grafía era coherente coa prescrita para a contracción co artigo masculino, *ô*, e mesmo coas recomendadas para a contracción co indeterminado, *ón, ónha* (1868, 145). Curros apártase de Saco nun só destes puntos, pois representa a contracción *ó(s)* e *á(s)*, grafía que, en longa compentencia coa preceptuada por Saco (que é a que observa, por exemplo, Castelao), estaba destinada a triunfar. Así e todo, non faltan exemplos de representación da contracción como *o*, sen til, como os dous que reproducimos arriba. Respecto a *ése, ésa, él, éla*, claramente o til marca o timbre aberto do [e]; por parte, véxase o que se di máis abaixo a respecto das variantes tipo *ise*.

*Cara a.* En realidade, trátase dunha locución preposicional, pero na práctica, debida á crase dos dous [a], os 'escritores' en galego tenderon a reanalizala como unha preposición, como mostra claramente o noso autor. Así, o *a* de *car'*á *Madrid* leva til precisamente por ser analizado como preposición (véxase o dito arriba), mentres que nos dous outros exemplos non se sente a necesidade de marcar a contracción con [o] e [a] do artigo determinado.

*Con.* Nas contraccións desta preposición só hai que salientar dúas peculiaridades. Unha é a variación para a contracción co artigo determinado feminino, *c'a* e *co'a*. Outra consiste na variación canto o lugar de colocación do apóstrofo: *c'o esta* pero *co'esas*. A segunda opción é a preferida polo noso autor. Saco y Arce (1868, 147-8) propuña xustamente *c'o*, *co'a*, *c'un*, *co'iste*, *co'il*, etc.

*Contra* e *descontra*. No caso destas dúas preposicións, é de salientar non tanto a posibilidade de elisión do [a] final co [a] do artigo determinado feminino, coma no exemplo aducido, mais a posibilidade de contracción co indeterminado *unh(ha)*, posibilidade esta contemplada por Saco y Arce (1868, 145), aínda que o gramático propuña a representación *contr'ón*.

*De.* Esta preposición non só aparece na forma reducida por elisión do [e], <d'>, diante doutras palabras gramaticais coma as representadas no cadro (*d'unha luz* (V 11), *d'os tempos* (V 23), *d'a cega* (V 39), *d'esta* (V 44), *d'alguén* (V 53), *d'éla* (V 142), *d'outra* (In 10)), mais ante calquera outra palabra comezada por vocal, e nestes casos de xeito non menos sistemático ca nos anteriores: *d'Ourense* (V 64), *d'herbas* (V 71), *d'aquí* (V 126).

*Dende, déndesde.* Vale aquí o dito para *de*, ben que os exemplos son pouco abundantes. Así, cabo de *dend'éles* (V 28), *déndesd'a posta* (V 94), rexistramos *dend'hoxe* (V 310), *dend'ont'a noite* (V 474).

*Dentro, diante.* Estes adverbios de lugar son empregados directamente como preposicións, sen necesidade de formar unha locución preposicional con *de*.

*En.* No caso desta preposición, é de notar que Saco y Arce (1868, 148-9) propuña o emprego do guión (*n-o*, *n-a*, *n-un*, *n-ise*, *n-il*, *n-algun*, *n-outro...*). Na edición de 1877, Curros escribe *n-o*, *n-a*, ..., pero *n'un*, *n'unha*.... A partir de 1880, xeneraliza o emprego do apóstrofo, o cal non deixa de ter certa lóxica, pois así o guión queda reservado para o alomorfo *-lo* do artigo e do pronome (e, noutros contextos, para o alomorfo *no* do segundo).

*Entre.* Véxase o dito na preposición *de: entr'edras* (V 85).

*Onda.* O caso desta preposición é moi interesante, pois aquí non había correspondente castelán que servise de modelo. O autor dubida entre representala *onda* ou *ond'a*, neste segundo caso, dun xeito similar ó que acontece coa grafía *pr'a* para a preposición *pra*, por 'contaminación' das grafías en que se reflicte unha contracción (aínda

que o uso de Curros suxire máis ben unha elisión, pero o caso garda un certo paralelismo co de *cara (a)*: *ond'a cancela, ond'o abade*. É interesante comparar coa práctica de Rosalía (ver Castro 1993, nota 2 da p. 211).

*Pra/para*. A preposición *pra* é representada ó comezo da edición de 1880 d'A *Virxe do Cristal* como *pr'a* (V 8, 59, 63, 101... igual na edición de 1886), alternando coa variante común *pra* (V 77, 162, 168...), que era a xeral na edición de 1877. Coidamos que se se trata dun caso de contaminación gráfica, dada a frecuencia das contraccións *pr'o(s)* e *pr'a(s)*. *Pr'ôn*, con acento circunflexo, era a representación que recomendaba Saco y Arce (1868, 145), ante o artigo indeterminado. N'O *divino saine* aparece a variante *para*, alternando coa moito máis frecuente *pra* (ocasionalmente tamén grafada como *pr'a*).

### 3.3.4. Outros encontros *con/entre palabras gramaticais*. *Emprego do apóstrofo*

Á parte do que vimos antes, tamén se representa sistematicamente a elisión do /e/ é nos casos indicados por Saco, isto é, ademais de coas preposicións, cos pronomes persoais átonos (*me, che, lle, se*), co relativo *onde*, con *que* relativo ou conxunción e coa conxunción *se/ si*. Vexamos algúns exemplos (escusamos de aducir ocorrencias de *que*, pois son abundantísimas): *s'astreve* (V 24), *esténdes'un val* (V 70), *fírem'a sén* (V 46), *¿Picóut'unha cobra?* (V 230), *¿Saíronch'os lobos?* (V 232), *como t'oyo* (V236), *impórtall'á nadia* (V 256), *faltábam'agora* (V 267), *non m'o tomes* (V 461), *non ch'o repito* (V 533)<sup>31</sup>, *o que ll'o conte* (V 802); *ond' é* (V 66), *s'o tempo* (V 60), *s'unha mañá* (V 188).

Tamén se tende a representar sistematicamente a elisión de [o] de *cando*, relativo ou conxunción: *cand'hai* (V 279), *cand'el* (V 501) (*cand'il* na edición de 1877), *cand'un está* (V 566). Verbo de *como/coma* comparativo, véxase o que se di máis abaixo; canto á conxunción modal-causal *como* notemos o emprego do apóstrofo para indicar elisión ou contracción da vocal final: *com'hai moitos* (V 140), *com'antes che decia* (V 476)...

O adverbio de negación *non* presenta unha variante reducida *n'*, que pode aparecer ante forma verbal comezada por vocal: *n'hai* (V 122, 510), *n'estabas* (V 227), *n'é verdade* (D II-4)...

### 3.3.5. Alomorfos de o artigo e pronome. Emprego do guión <->

Aínda non nos referimos de forma específica ó emprego do guión cos alomorfos do artigo determinado e mais do pronome persoal *o/a*. Polo que atinxe ó primeiro, debe terse en conta que soamente trala preposición *por* aparece o alomorfo *lo* de xeito sistemático. Detrás de forma verbal rematada en *-r* ou *-s*, a representación máis frecuente deste alomorfo é

31 En troca, aparece *direich'o* (V 242), corrixido en 1880 para *direicho* (mantense a corrección en 1886). Tamén temos *dim-o* (V 581), e *deum-os* > *dam-os* (V 950). Igualmente *aprontarma* (V 1058).

mediante guión, pero non faltan exemplos de uso do apóstrofo, conforme se ve nos seguintes exemplos: *arrincal'a léngua* (V345), *crabal-a lingua* (V 530), *¿Seral-o demo?* (V 588), *conserval-a honra* (V 782), *collel'a chaira* (V 874), *congregal-ós frigueses* (V 883) (1877) > *congregar ós* (1880); *tocal-as campanas* (V 884), *quixo vel-a imáxe* (V 898), *tel-as pernas* (B 230). Pero nótese casos de non representación, como *ver a labranza* (V 280), ou *non afontades a chaga* (V 504). Esporadicamente, tamén aparece tras *-r* ou *-s* final de nomes e pronomes: *cántovol-a vida* (V 56), *millol-a sola* (V 123), *outrol-o seu negocio* (V 458), *Diol-o quixo* (V 1043), *Diol-o queira* (B 80); *algunha vel'o facía* (1877) > *ves o facía* (1880) (V 143). Pode aparecer tamén tras *todos/as*: *todal-as noites* (V 194; pero en 1877 *todal'as*), *todol-os homes* (V 460), pero *tod'as mozas* (V 32), *todas partes* (V 861) e *tod'os trebexos* (V 787).

O guión tamén é empregado para o pronome *o* tras forma verbal rematada en *-a* ou *-o*: *tomába-o* (V 179), *topándo-o* (V 452), *tiña-a* (V 495). Pero neste, coma noutros puntos, detéctanse vacilacións, así temos exemplos como *volvendoas* (V 377), e mesmo unha corrección do texto de 1877 en 1880, *chamándo-a* > *chamándoa* (V 958). Ocasionalmente aparece o mesmo uso co alomordo *lo* do pronome; así *sacal-o* (V 59), *topal-o* (V 678) ou *miral-o* (G 12), pero *dícelo* (V 274), *pedila* (V 561), *respetála*, *adorála* (V 564), *véla y-adimirala* (V 908)<sup>32</sup>, *vela e tocala* (V 912)... Igualmente, utilízase tras *non* e *quen*, representando a pronuncia alveolar do [n]: *non-o está* (V 617), *non-o vía* (989), *non-a precisas* (V 1059; en 1877 *non'a*), *non-os ve* (B 155); *quen-o viu* (V 1038). Tamén aquí hai exemplos de vacilación: *non a escoito* (V 832), *quen o tirei* (V 1039).

#### 4.1. Morfoloxía. Plural dos nomes rematados en *-l*

Os monosílabos fan o plural en *-les* (*féles, males, peles, tales, vales, soles...*), cunha excepción, *vis* como plural de *viles* (López 1998 I, 240). Os polisílabos non agudos tamén fan o plural en *-les* (*ánxeles, túneles, debles*), cunha excepción, motivada pola rima: *inmovis*, que aparece como plural de *inmóvil* (D IV-79)<sup>33</sup>. Para as palabras agudas, a solución depende da terminación. Así, para os nomes en *-al*, a preferida é a solución *-ales*, pero aparecen algúns exemplos en *-ás*: *ideales, chouzales, piñeirales, barcales, lumiales, celestiales, touzales, destrales, catedrales, Cardeales, desiguales, principais, municipais, areales, iguales, pedestales, inmortales, temporales, formales, liberales*; fronte a *cardeás* (D VII-165), *arsenás* (D VIII-119), *maternás, inmortás* (López *ibidem*). Dun xeito análogo se comportan os rematados en *-el*, aínda que se aprecia maior frecuencia de plurais reducidos: *fieles, caraveles/ craveles, verxeles, lebreles, croeles, cinceles*; pero *crués* (V 753), *mantés* (B 130), *cuartés* (D VIII-120) *cravés, papés*. En *-ol* soamente atopamos *rousinoles* (D III-104). Finalmente, no

32 Nótese tamén a vacilación tocante ó emprego do til sobre a vocal que precede ó alomorfo.

33 No manuscrito apreciamos que esta forma aparece en substitución dun *Hobbes*, que non rimaba perfectamente con *nobis*. Esta última palabra, que aparece na expresión *ora pro nobis*, foi a que forzou a forma de plural *inmovis*.

caso dos rematados en *-il*, as preferencias van cara ós finais en *-ís*: *xentís* (V 10, B 207), *cadriís* (B 221), *carrís* (D III-7), *fusís* (D IV-71) fronte a *pernils*; a forma *civiles*, con cursiva, está en castelán. ¿Serán que os plurais en *-ís* e *-és* resistiron mellor ca os en *-ás*.

Temos, pois, unha notable vacilación entre solucións patrimoniais e formas plenas, sexan estas debidas á presión do castelán, sexan xeradas autonomamente en galego a partir do singular.

#### 4.2. Morfo-fonoloxía. A base dialectal

Como é ben coñecido, á hora de forxar a súa lingua literaria, en liñas xerais Curros parte do seu falar nativo de Celanova, que é do tipo que *grosso modo* podemos denominar centro-meridional (*lucu-auriense*, na terminoloxía de Fernández Rei 1990, a quen imos seguir, xunto cos tomos publicados do *Atlas lingüístico de Galicia*<sup>34</sup>). Algúns trazos caracterizadores do galego celanovés, que se manterán con poucas vacilacións ó longo da escrita currosiana, son: formas do tipo *catro*, *cando* e *canto* (fronte a *cuatro*, *cuando*, *cuanto*)<sup>35</sup>; terminacións *-á* en substantivos femininos como *mañá*, *mazá*, *irmá* (aínda que nisto hai exemplos de vacilación, o cal tamén é característico da fala de Celanova e arredores)<sup>36</sup>; terminación *-áu* en sustantivos como *chau*, *grau*, *irmau*, *mau*, *vrau*<sup>37</sup>; plurais en *-s* en nomes ou pronomes rematados no singular en *-n*, como en *cas*, *bes*, *xardiís*, *razós*, *algús*; terceira persoa do singular no pretérito dos verbos en *-iu* (*abriu*)<sup>38</sup>.

*O divino sainete* é o texto extenso que ofrece máis matices ó que acabamos de dicir. Así, son máis abundantes as variantes en *-án*: *lan* (D I-149, V-111), *mañán* (D 0-35, VI-73) / *mañá* (D VII-49), *rans* (D III-54). Canto ós plurais dos nomes rematados en *-n*, cabo da esperada solución en *-s*, a máis frecuente, sorprende a aparición de formas en *-ns*, insólitas en *Aires da miña terra*: ademais da recén citada *rans*, temos *cans* (D 0-3), *xiróns* (D IV-111) e *bens* (D VIII-61, 139, 166), fronte a *corazós* (D I-36), *wagós* (D I-134), *ladrós* (D II-147), *naciós* (D IV-138, VIII-106, 204), *ladrós* (D VI-91), *impresiós* (D VII-46), *montós* (D VIII-13). Tamén

34 Cando coidemos procedente, faremos referencia ós tomos publicados do *Atlas lingüístico de Galicia*, mediante a sigla *Alga*, seguida de indicación de volume en romanos, e, no seu caso, de tomo en arábigos, e a abreviatura m. (mapa) seguida dun número. Débese ter en conta que o *Alga* non recolle datos de Celanova, pero esta e a súa bisbarra atópanse case a medio camiño entre dous puntos exhaustivamente enquisados e moi cercanos: Allariz (punto O 16) e Ramirás (punto O 15). Para o noso propósito, isto permítenos unha aproximación máis ca aceptable.

35 A fala de Celanova atópase na actualidade no extremo oriental da área do tipo *ca-*, practicamente rodeada desde o nordeste ata o sur pola isoglosa que marca o límite coas variantes do tipo *cua-*. Vid. *Alga* III, ms. 395 e 396.

36 De novo Celanova atópase en situación case fronteiriza entre o tipo occidental en *-án*, que aparece en Ramirás, e o centro-oriental en *-á*, que é o típico de Allariz. Vid. *Alga* II, ms. 38 e 327.

37 Véxase *Alga* II, ms. 31, 33, 35, 36, 37, onde se rexistran as variantes en *-áu* (nalgun caso cabo das en *-áo*) en Ramirás e/ou Allariz.

38 Nótese que unha parte destes trazos coinciden co que hoxe consideramos 'galego común', pero débese ter en conta que tal noción era, na época en que Curros concibiu a súa obra, inexistente ou puramente ideal.

aparece un *cuales* (D V-136) e un *elixeu*. Vemos pois que, con incoherencias e vacilacións, o autor neste terreo dá pasos cara ó interdialectalismo.

Por parte, como inmediatamente notaremos, no idioma do noso autor rexístranse xa desde os primeiros tempos certos trazos que se apartan da fala de Celanova, e outros, ademais dos sinalados no parágrafo anterior, que son moi peculiares desta, pero que tenderon a quedar relegados a favor doutros sentidos como máis comúns en galego. Canto ós primeiros, que iremos tratando conforme proceda, adiantamos que poden ser testemuño dun esforzo temperán por adoptar formas sentidas como máis estendidas e se cadra ‘diferenciais’ verbo do castelán (coma tal, *ti* fronte a *tu*). Canto ós segundos, que analizaremos a seguir, aparecen, ás veces con forza, nas primeiras versións das súas composicións máis temperáns, pero foron quedando desbotados por percibílos o autor como excesivamente locais, consideración en que puido influír o contacto do poeta con falantes doutras procedencias ou con textos en galego doutros autores. Así, comparando a primeira edición dos tres poemas premiados en 1877 coa segunda, de 1880 (en *Aires da miña terra*), podemos observar como Curros tendeu a purgar o seu idioma deste tipo de variantes. Como mostra, imos referirnos ó sistema de demostrativos e o pronome persoal de terceira do singular e plural, e a algúns adverbios.

#### 4.2.1 *Demostrativos: iste, ise, aquil, il. Adverbios de lugar e outros*

Comecemos polos demostrativos e o pronome de terceira persoa tónico. Como é sabido, en galego existen tres sistemas principais (damos unicamente o singular da serie de maior proximidade ó emisor): [1] este / esta / esto; [2] este / esta / isto; [3] iste / esta / esto (Fernández Rei 1990, 69-73; *Alga* II, mapas 159-60, 223-4, 227-8, 231-2, 235). O terceiro sistema, que constitúe o elemento que caracteriza máis claramente o galego centro-meridional (ou lucu-auriense), é precisamente o que corresponde á fala de Celanova<sup>39</sup>. De feito, é o utilizado por Curros na primeira edición, de 1877, de ‘A Virxe do Cristal’, ‘Unha boda en Einibó’ e ‘O gueiteiro’. Hai que salientar que as formas con /i/ no radical ofrecen dous alomorfos contextualmente condicionados: un con /e/ aberto, o outro con /ɛ/, fenómeno este que é coidadosamente rexistrado polo noso autor. De aí as formas *ése* e *él* (con /ɛ/) que poden ser ben o resultado da contracción cun /a/ anterior (*cf.* *supra* e *infra*), ben do encontro co alomorfo semiconsonántico /j/ da conxunción /el/ (*cf.* *infra*)<sup>40</sup>. De aí tamén as formas *el* (con /e/), despois de preposición ou pronome átono precedentes rematados en -e (*de, dende, me...*) ou coa preposición *con*.

39 Agradezo aquí a Rosario Álvarez a atención que dispensou ás miñas consultas, e as facilidades que me ofreceu para manexar os seus traballos inéditos sobre a cuestión, traballos que debe dar a lume sen demora.

40 Por parte, a finura do oído de Curros queda de manifesto cando comparamos formas do tipo *com' éles* (V 79), ás que subxace un *coma* comparativo, con outras do tipo *jcom' il!* (B 218), ás que subxace un *como* exclamativo.

Vexamos o tratamento que experimentan as formas dialectais con *i-* no radical mediante o proceso de revisión para a edición de 1880, centrándonos nas formas do masculino, que son as que presentan ese trazo peculiar.

1887 > 1880	Observacións
iste > este (V 84, 112, 392, 579)	<i>d'est(e)</i> xa en 1877 (V 583)
ise > ese (V 52, 505...)	<i>ése</i> (<a ese) (V 55); <i>y-ese</i> (V 728)
aquil > aquel (V 153,..., G 44...)	<i>d'aquel</i> xa en 1877 (V 431)
	<i>aquel</i> lexicalizado na expresión <i>con certo aquel</i> (B 159) <sup>41</sup>
il > el (V 165, 174...)	dous <i>el</i> en 1877, en certos contextos: <i>dend'èles</i> , <i>m'él</i> (V 28, 382)
	Unha ocorrencia de <i>ele</i> en 1877=1880 (V 1114) forzada pola rima
	Unha ocorrencia de <i>il</i> en 1880 (V 750) forzada pola rima con <i>mil</i>
	<i>y-él</i> (V 1173); <i>él</i> (<a el) (V 381); <i>com'eles</i> (coma eles) (V 79)

Un caso curioso acontece co emprego do pronome *il* con verbo non persoal na oración “mintira ou verdade, *il corre* déndesd'a vila hastr'a aldea / que pra n'outono casárense teñen á roupa xa feita” (V 198-201)<sup>42</sup>. Aparece tal como acabamos de citar na primeira edición, pero na segunda (primeira de *Aires da miña terra*, 1880), o autor suprimiu *il*, mentres que na edición de 1886 de *Aires* (3ª deste poemario), repúxoo, voltando á construción inicial, mantendo neste caso ademais a forma *il*.

Dando unha viraxe un tanto sorprendente, n'*O divino sainete* o autor torna ó sistema dialectal co masculino tipo *ise*. Mentres redactaba o orixinal semella que aínda mantiña o criterio ‘transdialectal’ que preside *Aires da miña terra*, da primeira á terceira edición. Pero ó repasar o manuscrito decidiu mudar de criterio, e revisou o texto para volver ó antigo sistema<sup>43</sup>. Debemos, secomasí, facer algunhas precisións: (a) cando o pronome de terceira persoa se refire a

41 Esa forma *aquel* lexicalizada e transcategorizada a sustantivo foi rexistrada no Alga nun punto moi próximo ó sur de Celanova, Bande (O 23), e noutros puntos que presentan *aquil* como forma do demostrativo masculino.

42 Véxase sobre isto Veiga Arias 1966 e Álvarez Blanco no prelo.

43 Ofrecemos o censo de formas que rexistramos: *d'este* (D 0-16), *n'aquiles* (D I-11), *d'él* (D I-131), ¿Él é...? (D II-1), *El* (D 0-41), *el* (D II-49), *Ese\** (D II-85), *#ese* (D II-112, 113, 114), *Eses\** (D II-118, 121), *aquel* (D III-35), *Él* (D III-56), *El* (D VI-103), *#d'él* (D III-59), *#ese* (D III-68), *d'ese* (D III-83), *eses\** (D III-97, 100), *aquel* (D III-109), *este\** (D III-148), *aqueles\** (D III-163, IV-5), *contr'eles* (D IV-6), *eles* (D IV-28), *eses* (D IV-50), *y-él* (D IV-64), *estes\** (D IV-95), *n'aquel* (D IV-97), *n'aquel\** (D V-16, 18), *y-él* (a el) (D V-21), *estes\** (D V-75), *n'este* (D V-124), *d'aquel\** (D V-141), *eles\** (D V-146), *aquel* (D V-152), *y-eles* (D V-155), *d'aquel\** (D VI-26), *Ese\** (D VI-35), *{il}* (D VI-54), *éste\** (D VI-61), *Y-estoutro* (D VI-67), *eses\** (D VI-70), *todo él* (D VI-95), *d'aquiles* (D VI-11), *d'eles* (D VI-116), *todo ese* (D VI-125), *d'eles* (D VI-141), *d'él* (D VII-26), *él\** (D VII-55), *n'este* (D VIII-41), *Este\** (D VIII-46), *d'este* (D VIII-159), *n'aquel* (D VIII-197); *Y-este?\** > *E iste?* (D VI-64). Os signos indican: [#] corrección realizada xa sobre o manuscrito, sobre a forma que se reproduce; [\*] corrección realizada no texto impreso, pero non no manuscrito; usamos nunha ocasión { } para marcar unha forma que non aparece no manuscrito. Por outra parte, [0] remite ó canto introductorio, os números romanos que seguen á indicación [D] (= *Divino sainete*), ós cantos I a VIII da obra. As cifras arábegas que van unidas ás romandas por un trazo [-] remiten ó número de verso, segundo a edición de Xesús Alonso Montero.

Deus, aparece *É/El* (dúas ocorrencias: D 0-41, VI-103), (b) encabezando oración interrogativa, tamén aparece *él* (unha soa ocorrencia: D II-1), (c) co alomorfo semiconsonántico da conxunción copulativa, aparecen tamén as formas *él* (D IV-64) e *eles* (D V-155) e mais *estoutro* (D VI-67)<sup>44</sup>, (d) o mesmo acontece tras o indefinido *todo*, onde achamos *él* (D VI-95) e *ese* (D VI-125); (e) como sabemos, trala preposición *a*, aparece *él* (D V-21); o mesmo acontece tras *contra* (D IV-6), (e) trala preposición *de* atopamos unha marcada preferencia polas variantes con [e], excepto precisamente no caso de *aquil*. Véxase o seguinte cadro:

	este/ iste	ese/ ise	el/ il	aque/ aquil	TOTAL [e] / [i]
(XERAL)	2 / 5	1 / 11	3 / 3	5 / 5	11 / 24
DE	2 / 0	1 / 0	4 / 1	0 / 3	7 / 4
TOTAL	4 / 5	2 / 11	7 / 4	5 / 8	18 / 28

Polo que atinxe a certas variantes dialectais dalgúns adverbios, particularmente a serie en [í] dos de lugar, opérase un tratamento semellante de ‘supradialectalización’, pero neste caso sen trasacordos, pois o criterio mantense n’*O divino sainete*<sup>45</sup>:

1877	1880	Observacións
eiquí >	aquí (V 125,...)	Nun caso, <i>aíquí</i> > <i>aquí</i> (V 433)
ehí >	ahí (V 485, 774)	
elí >	alí (V 74, 80...)	
esí >	así (V 589, 927)	Dúas ocorrencias de <i>así</i> (V 938, 1075)
uxe >	hoxe (V 223, 285...)	N’ <i>O divino sainete</i> , <i>oxe</i>

A variante dialectal ‘iña’ por ‘aínda’ mantense nas sucesivas edicións.

#### 4.2.2. Outros casos: *ti / tu, outro / outro, faguer / facer*

O pronomes persoal de segunda persoa en función de suxeito ofrece un tratamento transdialectal desde o comezo: xa na edición de 1877 predomina claramente *ti* sobre *tu*, sendo esta a forma corrente en Celanova<sup>46</sup>, pero das tres ocorrencias desta segunda variante, só unha é corrixida en 1880 para *ti* (V 271), mentres que as outras dúas se manteñen (V 348, 786), a segunda delas por acharse en posición de rima. N’*O divino sainete* só aparece a forma *ti*.

44 Nun lugar atopamos unha curiosa corrección, do manuscrito *¿Y-este?* para o texto impreso *¿E iste?* (D VI-64). Dado que Curros manexaba perfectamente o sistema, temos que pensar que existe unha pausa fonética entre a conxunción e o pronome, que graficamente se podería expresar mediante puntos suspensivos: *¿E.. iste?*

45 Para ver a distribución das formas *eiquí, eí, elí*, Alga III, ms. 310-12. Para *huxe*, Alga III, m. 38.

46 Quizais Celanova se atope en posición fronteiriza, véxase Alga II, m. 151: Ramirás polo oeste, Allariz polo leste e Bande polo sur ofrecen *tu*, pero cara ó noroeste (Ribadavia, San Amaro), a forma corrente é *ti*.

Pola súa parte, o indefinido *outro* ofrece un tratamento vacilante<sup>47</sup>. Así, na edición de 1877, atopamos sete ocorrencias da variante dialectal *autro*, das cales tres foron corrixidas na edición de 1880, mentres que catro se mantiveron; pero, por parte, atopamos catro ocorrencias de *outro* naquela (onde sería esperable achar *autro*), que, loxicamente, se manteñen nesta: *s' autra* = (V 320), *y- autra* > *y- outro* (V 335), *y- outras* = (V 467), *com' outro* = (V 994), *y- outro* = (V 1020), *y- outro* = (B 17, 44), *d' autro* > *d' outro* (B 65), *pr' autro* > *pr' outro* (B 176), *y- outros* = (B 156, 207). Nótese que na secuencia *y + outro* temos en 1877 tres ocorrencias da variante con *o* fronte a catro ocorrencias da variante con *a*; mentres que as primeiras se reproducen en 1880, das segundas unha é corrixida e tres mantéñense. En todo caso, a orientación cara á transdialectalización é de abondo clara. N' *O divino sainete* soamente aparece *outro*.

Algo semellante ó que acabamos de constatar obsérvase no caso dos paradigmas verbais irregulares, como podemos atestar co infinitivo e as formas de perfecto de *facere* (Fernández Rei 1990, 95; Alga I, 2, m. 271). Así, cabo dalgunha forma *facere* que aparece desde 1877 e se mantén constante (V 894), temos catro ocorrencias de *faguer* corrixidas a *facere* en 1880 (V 489, V 777, G 44, G 71), unha de *figuen a fixen* (V 263), dúas de *figueches a fixeches* (V 775-6), cinco de *figo* que pasan a *fixo* (V 524, 917, 927, 979, 1135), e catro de *figueron* emendadas a *fixeron* (V 945, 981, B 55, 146). Outra ocorrencia de *figo* (V 439) mantense nas edicións de 1880 e 1886, probablemente na primeira destas por inadvertencia. Ora, sorprendentemente, na terceira edición de *Aires da miña terra*, reaparecen algunhas das formas primitivas que foran corrixidas na primeira: tres *faguer* (V 777, G 44, G 71), un *figuen* (V 263) e un *figo* (V 1135). É de notar que cabo da primeira corrección das citadas *facere* > *faguer*, nos versos inmediatamente anteriores (V 775-6), mantéñense as formas *fixeches* da edición de 1880. Máis sorprendentemente aínda, na edición de 1886 corríxense formas como *facia* (V 143) ou *facere* (V 165, V 881, V 901) que se mantiveran constantes de 1877 a 1880, a *faguia*, *faguer*. Isto, coidamos, mostra ben ás claras o carácter vacilante dos criterios do autor<sup>48</sup>, nos cales coidamos que neste caso puido pesar o diferencialismo verbo o castelán. Finalmente, n' *O divino sainete* decídese polas formas comúns de *facere*: *facere* (D II-170, VIII-56), *facían* (D V-140), *fixo* (D III-62, V-71, VI-59,102, VIII-152). Mesmo temos dúas correccións no senso indicado: *#fígome* (D I-137), *faguer\** (D 0-36).

Para rematarmos con isto, podemos salientar un *trougueche* (V 228), que pasa a *troxeche* en 1880, e é corrixido a *trouxeche* en 1886.

Canto ós castellanismos morfolóxicos, pódense salientar un exemplo de *tuvo* emendado a *tivo* (V 980), fronte ó tratamento estrañamente contradictorio que padeceron a conxunción

47 Na actualidade, segundo o Alga III m. 45, as variantes de tipo *autro*, de aparición adoito condicionada polo contexto fonotáctico, atópanse esporadicamente na provincia de Ourense, aínda que non se rexistraron en Ramirás nin Allariz, probablemente debido a que a enquisa se realizou mediante listas de palabras.

48 Incidentalmente, tamén nos pon en garda verbo dalgúns datos e análises do estudioso E. López, véxase por acaso o que di da alternancia *facere* / *faguer* en López Varela 1998 I, 273-4.

se, a preposición *sen* e mailo nexo comparativo *coma*. A primeira foi sistematicamente corrixada para *si* (V 226, 256, 259...) e a segunda para *sin* (V 539, B 243).

#### 4.2.3. *Morfoloxía verbal: o morfo de P5*

No que atinxe ás desinencias verbais da quinta persoa, o noso autor ofrece *-des* para o indicativo presente (*ledes* I 33, *vades* V 17, 1203, *vicades*, 1203), o subxuntivo presente (*leades* I 32, *dedes* V 18, *teñades* V 32) e o futuro indicativo (*diredes*, I 32); mentres que para o imperativo utiliza *-i*: *daime* (V 54), *perdonaime* (V 55), *fiai* (V 246, 248), *mirai* (V 350, 485, B 214), *ollai* (V 714), *falai* (V 829), *adoraina* (V 954). Nestes puntos atense ó seu falar nativo (Alga I, 1, mapas 2 e 26), que aparece ben caracterizado pola conxunción destes dous trazos (*-des* ó longo da conxugación, excepto o imperativo con *-i*) na paisaxe lingüística da provincia de Ourense, pois o primeiro é compartillado polas falas centro-occidentais desta, fronte ás da metade oriental; mentres que o segundo, común coas segundas, non aparece ó norte do río Miño<sup>49</sup>.

Pero cabo desas formas que pertencen á base dialectal do autor, chaman a atención dúas. A primeira delas, *chamás* (V 15), está hoxe reducida ás falas máis occidentais da provincia da Coruña, aínda que nos consta que no século XIX se estendía máis cara ó centro desta provincia, e mesmo fóra dela (véxase Mariño Paz 1992), e foi utilizada por Rosalía de Castro (Monteagudo & Vilavedra 1993, 75), entre outros autores. A segunda aparecía no verso final da primeira versión publicada d'*A Virxe do Cristal*, que rezaba “Non lle *botés* a culpa / Á Virxen d’o Cristal”, e foi corrixido para “A culpa non *botedes* á VIRXE D’O CRISTAL”. Temos aquí un exemplo perfecto de como este tipo de variación é utilizado como recurso para satisfacer esixencias métricas.

N’*O divino sainete* a novidade non está na esperada variante *-des* (*levades* (D 0-92), *chamádesme* (D VIII-133), *temades* (D VIII-181), *dades* (D VIII-206)), mais na quinta persoa do imperativo, onde cabo dunha forma do tipo *sentáivos* (D VIII-78), a máis corrente nos textos anteriores, predominan claramente as formas en *-de*, como *rachade* (D 0-95), *ladrade*, *mordede*, *ride* (D 0-97), *bicade* (D 0-98), *feride* (D 0-99), *amádeas* (D VIII-187), *ide* (D VIII-199), *anunciade* (D VIII-199). Outro terreo, pois, no que se avanza cara a un galego común. Vese, en conclusión, que aínda que autores como Curros perseguían un modelo de lingua fixada e supradialectal, a súa práctica era de abondo flexible como para acoller unha discreta variedade de formas.

49 Xa que logo, só conteñen simultaneamente os dous trazos os falares que forman unha franxa central, estreita ó norte da provincia (Vilariñofrío) e máis ancha no sur, desde Ramirás e Padrenda ata Baltar, pasando por Bande, Calvos de Randín, etc.

### 4.3. A tendencia á simplificación e regularización. *Coma/como* comparativos

Polo que atinxe á comparativa *coma*, é sabido que moi frecuentemente aparece seguida de vocal, e que neste caso o normal é que se produzan crases vocálicas en que o *-a* final se funde coa dita vocal. No noso autor temos mostras moi abundantes de crase dese *-a* cun *u-* inicial do artigo indeterminado, que se resolve nun /ɔ/ aberto, representado graficamente como <o>. Os exemplos poderían multiplicarse, sirvan como ilustración *com'onha estatua* (V 330), *com'on profeta* (G 17). Cando o encontro se produce coa vocal inicial do pronome *el* ou co *e-*do pronome *ela*, o resultado é un /ɛ/ aberto, grafado con <é> ou <e>. Os exemplos aquí escasean: *com'éles* (V 79), *com'éla* (V 612), *com'esta* (V 793). O indefinido *outro* presenta neste contexto a variante *autro*: *com'autra* (V 694). Diante do artigo determinado, a grafía, que se mantén nas tres edicións, non serve de grande axuda para determinar a forma subxacente: *com'a fel* (V 371), *com'a neve* (V 483), *com'a gallega* (G 39); *com'o moucho* (V 224) e *com'os vermes* (V 368). O mesmo se pode dicir cando segue vocal inicial *a-* dun nome ou un adverbio: *com'agullas* (V 584), *com'arastora* (V 987), *com'almendras d'Allariz* (B 197).

Onde podemos apreciar con maior clareza o timbre da vocal final da partícula comparativa é, obviamente, ante consoante. Posuímos seis exemplos na edición de 1877: *coma quen non sente* (V 333), *coma diamantes* (V 397), *coma ti* (V 460), *coma se* (B 42, 43), e *coma poucos* (G 35). Pois ben, en todos estes casos, o autor corrixiu na de 1880 para *como*. Canto ós casos sinalados no parágrafo anterior, mantivo as formas primitivas, con representación da contracción, excepto no de *com'a gallega*, que pasa a *como a gallega* (G 39), e *com'autra*, que pasa a *com'outra* (V 694).

Na edición de 1886 dá un paso máis, pois alén de manter as emendas anteriores, rexeitou a representación da contracción, pasando de *com'on(ha)*, a grafar *com'un(ha)*. Acontece isto en oito dos once exemplos que rexistramos (V 330, V 506, V 604-5, V 661, V 668, V 984, V 1029, V 1082), mentres que mantén a representación gráfica da contracción noutros tres (V 611, B 173 e G 17), probablemente por inadvertencia durante a revisión. N' *O divino sainete* non aparece a variante *coma*, pero ademais tampouco se rexistran contracción do tipo *com'on*, xa que a solución máis frecuente é a adopción da forma plena *como*, mesmo ante vocal, con algún exemplo de forma reducida *com'*: *como a sardiña* (D 0-54), *como eu* (D 0-77), *como a morte* (D II-133), *como vos* (D IV-29), *como unha vella* (D V-33), *como a mesma neve* (D V-120), *como n'a xaneira* (D V-135), *como o mundo* (D VIII-173); fronte a *com'unha lebre* (D II-66), *com'un tigre* (D IV-92), *com'éla* (D VII-22).

No caso do rexeitamento da forma *coma* coidamos que pesou por unha banda a norma castelá, desde a cal esta variante puido ser xulgada como vulgar, e por outra a dificultade de determinar a súa pauta de aparición fronte a *como*, pauta escurecida por causa dos diversos fenómenos fonotácticos a que dá ocasión —mesmo puido pesar a complexidade que presentaba a fixación gráfica destes fenómenos. Estas últimas explicacións coidamos que valen para

o rexeitamento da representación das contraccións tipo *com'ón*, que en todo caso se insiren na liña de autonomización da escrita verbo da oralidade.

Para rematar, notaremos que, analogamente ó que acontece con *coma*, o autor corrixe unha única ocorrencia da comparativa *ca* que rexistramos en 1877: así, *ca ti* (V 495) pasa a *que ti*.

## 5. CULTISMO E TENDENCIA CARA ÁS FORMAS PLENAS: TERMINACIÓN -DE NOS SUSTANTIVOS

Se nos apartados anteriores nos detivemos a considerar exemplos de variación motivada polo esforzo de achegarse a un ideal de idioma unificado, culto e regularizado, imos considerar neste dous exemplos de emprego da variación lingüística motivado por esixencias do verso. Mesmo aquí, constataremos a tendencia a preferir formas plenas fronte a outras que estaban a xeneralizarse no galego falado. Tomaremos como exemplo a oscilación nos finais nominais entre formas reducidas do tipo *verdá* e formas plenas de tipo *verdade*. Neste caso non se pode falar de variación dialectal, mais en todo caso diacrónica: unhas son formas máis conservadoras, e outras máis evolucionadas<sup>50</sup>.

Nos catro poemas de *Aires da miña terra* que exploramos rexistramos dezaioito formas de tipo reducido, en *-á*, *-é* ou *-ú*, fronte a doce de tipo pleno, en *-ade*, *-ede* e *-ude*. Bastantes palabras aparecen soamente en forma reducida (sinalamos con signo <+> as que aparecen en posición de rima): *soledá* (I 6), *unidá* (I 22), *cibdá* (V 64, B 15), *idá* (V 22), *virtú* (V 385, +783, +1206), *+inmensidá* (V 445), *maldá* (V 514), *escuridá* (V 1184), *+cuaselidá* (B 29); *mercé* (V 895) e *+vosté* (B 161). Outras rexístranse unicamente na forma plena: *libertade* (I 81), *+humanidade* (V 39), *piadade* (V 582), *tempestad(e)* (V 610), *voluntade* (V 1044), *abade* (V 1057, B 110). Por último, outras máis aparecen ora en forma reducida, ora en forma plena: *verdá* (V 581, 821, G 105) / *verdad(e)* (V 532, 587, 805), *salú* (I 79, +V 1204) / *saúde* (B 164)<sup>51</sup>.

Unha análise das listas anteriores mostra que non debemos considerar as formas reducidas como castelanismos, á parte de por razóns puramente de fonética histórica, porque comprobamos que, sendo certo que nalgún caso o radical castelanizado se asocia á forma reducida (como en *soledá* ou *salú*), noutros casos aparece en formas plenas (*libertade*, *voluntade*), mentres que rexistramos formas reducidas como *idá* ou *escuridá* con radical inequivocamente galego. Por parte, chama a atención a forma *cibdá*, simultaneamente arcaísmo gráfico polo

50 Véxase, tamén a título de comparación, o que expoñemos sobre estas variantes na obra de Rosalía, en Monteagudo & Vilavedra 1993, 67-8.

51 Temos escasos exemplos en plural, todos eles de formas plenas, como *cibdades*, *virtudes* ou *abades*, que son pouco relevantes.

-b- e popularismo fonético pola terminación reducida. Tamén son dignas de nota as variantes *virtú / tú* en posición de rima (V 783 / 786).

Contrariamente ó que acontece en *Aires da miña terra*, n' *O divino sainete* son máis abundantes as formas plenas en -de cás reducidas: vintetrés en -ade fronte a sete en -á; catro en -ude fronte a outras catro en -ú, unha en -é fronte a unha en -ede<sup>52</sup>. A posición de rima e final de verso, favorece extraordinariamente a aparición das formas plenas, pois soamente en tres ocasións estas se atopan fóra dos contextos indicados. Na lista de sustantivos rexistrados, áchase algún dobrete: *antigüidade, autividade, autualidade, caridade, cibdá, craridade, curiosidade, edade, enfermédá, escuridade, gravedá, homildade, iniquidá, inmortalidade, libertade, moxedá, piedade/ piedá, santidade, unidade, verdade / verdá, voracidade, virilidade; autitude / autitú, ingratidade, virtude/ virtú, xuventude*. Merecentes dun comentario especial poden ser *súa mercede*, que aparece como tratamento de respecto, fronte a *mercé*, como fórmula de agradecemento. É de notar, pois, a tendencia a preferir as formas cultas que se manifesta con forza nesta obra.

## 6. CORRECCIÓN DE FORMAS LÉXICAS: DIFERENCIALISMO E DEPURACIÓN DE CASTELANISMOS

Vimos máis arriba que na nota que acompaña os poemas en *Aires da miña terra*, Curros asegura que na revisión a que someteu o texto decidira corrixir “algún que outro vocábulo máis ou méns neolóxico y-escuro”. Imos tratar de determinar a qué palabras se refire o noso autor. Para isto, distinguiremos entre modificacións léxicas, isto é, que implican a substitución dun vocábulo por outro diferente, das correccións que afectan á forma do léxico, isto é, que supoñen un ‘retoque’ fonográfico (ocasionalmente, con repercusións morfolóxicas). No segundo grupo, excluimos os abundantes exemplos de vacilación no vocalismo átono, concentrándonos nos casos que teñen relevancia desde o punto de vista da interferencia do castelán, do tratamento dos neo-cultismos (isto é, dos neoloxismos de orixe greco-latina) ou da variación interna da lingua. Para ofrecer unha visión de conxunto, simplificada, ofrecemos as variantes en senllos cadros.

52 A lista de formas, por orde de aparición, é a seguinte (indicamos con + as ocorrencias en posición de rima ou ó final de verso): *virtú* (D 0-98), +*verdade* (D I-19, II-4), +*craridade* (D I-21), +*curiosidade* (D I-64), +*escuridade* (D I-66), +*inmortalidade* (D II-6), *moxedá* (D II-69), *autitú* (D II-89), *autividade* (D II-104), +*voracidade* (D III-134), *mercé* (D III-145), +*xuventude* (D IV-22), +*ingratidade* (D IV-24), *enfermedá* (D IV-51), *gravedá* (D IV-59), +*edade* (D IV-163), *libertade* (D +IV-165, 174, +V-27), *Cibdá* (D V-59, VI-145), +*escuridade* (D V-92), *piedá* (D V-95), *virtude* (D V-105), +*autitude* (D V-131), +*unidade* (D VI-22), +*verdade* (D VI-24), *virtú* (D VI-28), +*antigüidade* (D VI-43), +*autualidade* (D VI-45), *verdá* (D VI-76), +*homildade* (D VI-128), *autitú* (D VII-112), +*santidade* (D VII-148), +*virilidade* (D VII-150), *iniquidá* (D VIII-67), *súa mercede* (D VIII-136), *caridade* (D VIII-171), *piedade* (D VIII-186), +*caridade* (D VIII-201).

Na primeira lista, observamos que dos catorce casos rexistrados, nun exemplo corríxese un castelanismo flagrante (*castillo*), forzado pola rima, do que autor era, xa que logo, consciente (de feito, a forma que emprega normalmente é a correcta galega *castelo*). Noutros seis casos, trátase de procurar sinónimos que veñan substituír vocábulos galegos formalmente coincidentes co castelán (nalgún caso, como *aguantar*, pode tratarse dun castelanismo antigo e arraizado); isto é, a motivación de fondo é un moderado difefencialismo verbo do castelán. Noutros exemplos, a motivación é estilística; nun caso particular, ideolóxica: o relato da Virxe do Cristal pasa de ser referido como 'historia' na edición de 1877 a ser relatado como 'lenda', na de 1880.

Polo que atinxe ás correccións da forma do léxico, dos dezasete casos que detectamos, a metade son castelanismos que son emendados pola forma galega correspondente. Son de notar *ciudad* > *cibdá*, que xa comentamos, e *delor* > *door*, onde un probable castelanismo vulgarizado (con disimilación o-o > e-o) é substituído por unha variante arcaizante. Unha palabra gramatical (un pronome relativo adverbial), *onde*, é castelanizada. Noutro caso, no sufixo de *sillaría* > *sillería*, dáse preferencia a unha variante máis próxima ó castelán fronte á tradicional. No caso de dúas palabras, trátase de neo-cultismos que, conforme o tratamento común no galego literario da época, foran adaptados (*elíutica* e *estalauta*), e son restituídos á forma non adaptada. Os demais son exemplos de variación interna da lingua, en que de tódolos xeitos é manifesta a tendencia a preferir formas tradicionais fronte a outras innovadoras, como se ve en (*a*)*irexa* > *igrexas*.

En definitiva, pódese concluír que os poemas foron sometidos a unha corrección relativamente coidadosa, no senso de depuralos de castelanismos e formas dialectais, e cun criterio moderadamente diferencialista.

#### 1. MODIFICACIÓNS LÉXICAS EN V E B (*Aires da miña terra*)

1877	1880/1886	Comentarios
falta	marra (V 270)	Procúrase un sinónimo diferencial verbo do castelán.
durmiña	adormecida (V 394)	Procúrase un sinónimo diferencial verbo do castelán.
doce	brando (V 422)	Trátase dun simple sinónimo. Preferencia estilística.
picoutos	petoutos (V 545)	Trátase dun simple sinónimo. Preferencia estilística.
labios	beizos (V 814, B 74)	Procúrase un sinónimo diferencial verbo do castelán.
palacio	pazo (V 931)	Sinónimo diferencial. <i>Palacio</i> V 709 =.
aguantar	aturar (V 985)	Procúrase un sinónimo diferencial verbo do castelán.
castillo	edificio (V 1078)	En rima. O autor usa <i>castelo</i> con frecuencia V 112,...
palabras	liortas (V 1119)	En AMT-3ª <i>noutras</i> . Muda o conxunto da expresión.
hectoria	lenda (V 1212)	Ten importancia ideolóxica (refírese ó propio relato).
tumba	foxa (V 1193)	Procúrase un sinónimo diferencial verbo do castelán.
rebuldaba	rebulía (B 171)	Trátase dun simple sinónimo. Preferencia estilística.
doces	frescas (B 200)	Trátase dun simple sinónimo. Preferencia estilística.
gallas	pólas (B 202)	Trátase dun simple sinónimo. Preferencia estilística.

2. CORRECCIÓNS NA FORMA DO LÉXICO EN V, B E G (*Aires da miña terra*)

1877	1880/1886	Comentarios
virxen	virxe (V 1, 444, 919, 953...)	Castelanismo. Pero <i>virxen</i> = (V 392), <i>virxe</i> = (586).
edá	idá (V 22)	Castelanismo > variante galega reducida.
ciudá	cibdá (V 49, 64)	Castelanismo > híbrido arcaísmo + var. reducida.
sillaría	sillería (V 88)	Sufixo -aría /-ería. Var. tradicional > innovadora.
malanculía	malenconía (V 187)	Vulgarismo > vulgarismo.
(a)irexa	igrexá (V 205, 957, 967, B 58...)	Variante popular/dialectal > tradicional.
membranza	lembranza (V 960)	Variante popular/dialectal > tradicional.
elútica	elíptica (V 664)	Neo-cultismo adaptado > non adaptado.
orixen	orixe (V 685)	Castelanismo. Pero <i>orixe</i> = (V 939). Véxase <i>virxen</i> .
estalauta	estalacta (V 689)	Neo-cultismo adaptado > non adaptado.
ouvido	ouído (V 836)	Dial. <i>Ouír</i> (V 32, 1000, 1086, B 109, 209, G 57).
imaxen	imáxe (V 898)	Castelanismo. Véxase arriba <i>virxen</i> .
ermita	ermida (V 947, 1202)	Castelanismo.
o sangue	o sangue (V 1117)	Castelanismo. (En I 52, <i>a sangue</i> )
onde	donde (B 16)	Forma galega correcta que é castellanizada.
maor	mór (B 75)	Var. populares reducidas. O verso enteiro é refeito.
saludado	saudado (G 123)	Castelanismo. <i>Sáidan</i> V 865=.
delor	door (G 101)	Cast. vulgarizado > arcaísmo. Pero <i>delor</i> V 743 =.

**Observacións.** *As abreviaturas empregadas son:* cast. (*castelanismo*), var. (*variante*), dial. (*dialectalismo*). *O signo = indica forma idéntica nas dúas edicións consideradas.*

Verbo deste último cadro, hai que notar que unha forma hiperenxebre da “Introducción”, *infortuado* (I 69), é corrixida na edición de 1886 para *infortunado*. Sinalaremos tamén que as formas de tipo *orixen* reaparecen n’*O divino sainete*. Canto esta última obra, servímonos do cadro artellado por Alonso Montero (1970, 79), para ofrecer a tabela das emendas introducidas no paso do autógrado ó texto editado que teñen relevancia neste apartado.

3. CORRECCIÓNS NA FORMA DO LÉXICO N’*O divino sainete*

Autógrafo	Edición (1888)	Comentarios
entonando	entoando	Emenda dun castelanismo pola forma correcta.
gargalladas	carcaxadas	Sustitución da forma correcta por castelanismo adaptado.
perdone	perdoe	Emenda dun castelanismo pola forma correcta.
obscenos	ouscenos	Adaptación vernacularizante dun cultismo.
corona	coroa	Emenda dun castelanismo pola forma correcta.

Obsérvase que en xeral as correccións van no senso de rectificar castelanismos, aínda que dúas delas revelan outro tipo de tendencias: por unha banda, a presión do castelanismo,

por outra, a tendencia a vernacularizar os cultismos, adaptándoos á fonética patrimonial galega.

## 7. A XEITO DE CONCLUSIÓN

O galego escrito por Curros o é plenamente representativo da fase que temos denominado ‘galego popularista’: oscila entre o dialectalismo, o interdialectalismo e o supradialectalismo, inzan as vacilacións, os cultismos de base greco-latina son vernacularizados (*di-leuto, inominia, esistir, istante, xeroulifos, metouro*), brillan pola ausencia case total os hiperenxebrismos (*brilar, montana, estrano, hourizonte, primaveira* e poucos máis), o diferencialismo fai presenza pero feblemente, e non son raros os castelanismos, algúns deles adaptados (*Dios, capilla, deuda, duda, arrodillas, carcaxadas, trebexos, miaxa...*); pero o balance xeral sitúao moi por riba da media dos escritores do seu tempo, e é claramente perceptible o avance en relación a Rosalía (Carballo Calero 1981, 386). Aínda que dun xeito tantariñante, con incoherencias e algún trasacordo, o noso autor optou por un modelo de lingua culta transdialectal e depurada, tendendo cara a un rexistro escrito progresivamente autónomo verbo da fala tal como se mostra resumidamente no cadro anexo.

No tocante á solución ós numerosos problemas que presentaba o cultivo literario dun idioma submerxido na oralidade, o poeta fixo súas as leccións do gramático Saco y Arce. Non coidamos esaxerar se sostemos que Manuel Curros Enríquez, cun copioso inventario de acertos —algúns verdadeiramente espléndidos— e tamén co seu pequeno capital de resultados dúbidosos, discutibles ou falidos, representa un dos exemplos máis notables do influxo que o maxisterio individual dun autor pode exercer na orientación global dunha lingua de cultura.

TÁBOA-RESUMO DA EVOLUCIÓN DOS CRITERIOS LINGÜÍSTICOS DE CURROS  
NOS TEXTOS E ASPECTOS CONSIDERADOS

Formas	1887	AMT/1880	AMT/1886	ODS
Nay	+<-y>	<i>	+<-y>	<-i>
Luz	<-z>	<-s>	<-s>	<-z>
<'>	4	3	2	1
Crase	4	3	3	1
Mazá	á	á	á	+á
Canciós	ós	ós	ós	+ós
Ise	ise	ese	ese	ise
Eiquí	eiquí	aquí	aquí	aquí
Huxe	huxe	hoxe	hoxe	hoxe
Ti	+ti	ti	ti	ti
Autro	+autro	+outro	+outro	outro

Formas	1887	AMT/1880	AMT/1886	ODS
Faguer	+faguer	facer	+faguer	facer
Figo	figo	fixo	+figo	fixo
Levai	levai	levai	levai	+levade
Coma	+coma	+como	+como	como
como'on	como'on	como'on	+como'un	+como'un / como un
Verdá	+verdá	+verdá	+verdá	+verdade

**Observacións:** *O signo <+> precedendo unha variante indica que cabo desta aparece outra(s) no texto, sendo a primeira a máis abundante. Os números das casañas relativas ó apóstrofo e á crase sinalan niveis aproximados de frecuencia do fenómeno, segundo as pautas que explican o noso traballo.*

## BIBLIOGRAFÍA

- Alga I = Fernández Rei, F. (coord.), *Atlas lingüístico galego. Volume I: Morfoloxía verbal*, 2 tomos, A Coruña, Fundación 'Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa', 1990.
- Alga II = Álvarez Blanco, R. (coord.), *Atlas lingüístico galego. Volume II: Morfoloxía non verbal*, A Coruña, Fundación 'Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa', 1995.
- Alga III = González González, M. (coord.), *Atlas lingüístico galego. Volume III: Fonética*, A Coruña, Fundación 'Pedro Barrié de la Maza, conde de Fenosa', 1999.
- Alonso Montero, X. (1970), *Constitución del gallego en lengua literaria*, Lugo, Celta, 1970.
- Alonso Montero, X. (1987), "Un obreiro, Curros e a Academia", *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promoción Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa cultura, nº 9, extra d'A Nosa Terra]; 19-20.
- Álvarez Blanco, R. (no prelo a), "El vai ben así: o pronome *el* como forma autónoma".
- Álvarez Blanco, R. (no prelo b), "O pronome persoal. Morfoloxía e distribución dialectal".
- Carballo Calero, R. (1972), "A liña do galego literario", *Grial* 36, 129-37.
- Carballo Calero, R. (1974), "La constitución del gallego como lengua escrita", *Verba* 1, 331-40.
- Carballo Calero, R. (1981), *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*, Vigo, Galaxia; 385-87.
- Carvalho Calero, R. (1983), "A língua literária galega em 1880", en *Da fala e da escrita*, Ourense, Galiza editora; 60-65.
- Carré Alvarellos, L. (1959), "A lingua galega en Curros Enríquez", *Boletín de la Real Academia Gallega* 333-338, s.p.
- Castro, R. (1993), *Follas novas*, Vigo, Galaxia.
- Curros Enríquez, M. (1877), *El Heraldo gallego* 10 (5/III/1877) ("Unha boda en Einibó" e "O gueiteiro"), 11 (10/III/1877) e 12 (20/III/1877), ("A Virxen [sic] d'o Cristal") s.p. Edi-

ción facsímile en M. Curros Enríquez, *Os tres poemas premiados en 1877 no certame de Ourense*, Sada/ A Coruña, O Castro, 2001.

- Curros Enríquez, M. (1880), *Aires d'a miña terra. Coleución de poesías gallegas*, Orense, Tipografía de A. Otero (1ª edición). [Reedición facsímile, A Coruña, Real Academia Galega, 1981].
- Curros Enríquez, M. (1886), *Aires d'a miña terra*, La Coruña, Latorre y Martínez editores (3ª edición). [Reedición facsímile, A Coruña, La Voz de Galicia, 1978].
- Curros Enríquez, M. (1888), *O divino sainete*, La Coruña, Imprenta Ferrer. Seguimos a edición de X. Alonso Montero, A Cruña, Edicións do Castro, 1969.
- Curros Enríquez, M. (1894a), “La Academia Gallega”, *Tierra Gallega* 3; reproducido en López Varela 1998 II, 1138-40.
- Curros Enríquez, M. (1894b), “Carta prólogo” en M. Lugrís Freire, *Soidades*, Habana, Imprenta do Avisador Comercial; IX-XIV.
- Curros Enríquez, M. (1895a), “La Academia Gallega”, *La Tierra Gallega* 70; reproducido en Vilanova 1953, 229-30.
- Curros Enríquez, M. (1895b), “*Caldo de grelos*. Versos gallegos por R Armada Teijeiro”, en *Tierra Gallega* 89; reproducido en López Varela 1998 II, 1240-45.
- Fernández Pousa, R. (1952/1953), “La lengua gallega en Curros Enríquez”, *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos* 58, 229-42, e 59, 353-58.
- Fernández Rei, F., *Dialectoloxía galega*, Vigo, Xerais, 1990.
- Fernández Salgado, B. & Monteagudo, H. (1995), “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega*, Vigo, Galaxia; 99-176.
- García, C. (1985), *Glosario de voces gallegas de hoxe* [=Anexo 27 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*], Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- González Seoane, E. (1992), *A ortografía e a gramática do galego nos estudos gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*, Santiago de Compostela, Tese de Doutoramento inédita.
- Hermida Gulías, C. (1987): “A polémica ortográfica a finais do século XIX (1888)”, *Grial* 97, 1987, 299-316.
- Lapa, M. Rodrigues (1979), “Sobre a lira lusitana de Curros Enríquez”, en *Estudos Galego-Portugueses*, Lisboa, Livraria Sá da Costa, 103-10.
- López Varela, E. (1998), *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez*, 2 vols., A Coruña, Deputación Provincial.
- López Varela, E. (2000), “O posicionamento de Curros Enríquez perante a lingua”, *Revista galega de filoloxía* 1, 199-208.

- López Varela, E. (2001), *Unha casa para a lingua*, A Coruña, Espiral Maior.
- Lorenzo, R. (1986), "A lingua literaria na época de Rosalía", en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, 3 vols., Santiago, Consello da Cultura Galega & Universidade de Santiago de Compostela, 1986; III, 7-41.
- Mariño Paz, R. (1992), "O SNP da P5 en galego: o retroceso moderno da solución *cantás*", *Cadernos de lingua* 5, 75-97.
- Martínez-Morás e Soria, A. (1987), "Testemuño dunha amizade: Curros Enríquez e Martínez Salazar", *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promoción Culturais Galegas, Vigo [=A Nosa cultura, nº 9, extra d'A Nosa Terra]; 22-24.
- Monteagudo, H. & Vilavedra, D., "Estudio lingüístico e sociolingüístico", en Castro 1993; 47-103.
- Monteagudo, H. (no prelo): "O ideario lingüístico de Manuel Curros Enríquez".
- Rúa Ferradás, M. (1987), "Estudio do galego en *Aires d'a miña terra* e no *Divino sainete*", *Curros Enríquez. Crebar as liras*, Promoción Culturais Galegas, Vigo; 67-71.
- Saco y Arce, J. A. (1868), *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire.
- Scaglione, A. (1984), "The rise of National Languages: East and West", en A. Scaglione (ed.), *The Emergence of National Languages*, Ravenna, Longo Editore; 9-49.
- Vázquez Cuesta, P. (1968): "La lira lusitana de Curros Enríquez: poesías perdidas y nuevamente halladas", *Grial* 20, 149-61.
- Veiga Arias, A. (1966), "Il corre que...", *Grial* 14, 492-93.